Areal

REVISTA CULTURAL de SADA

nº 13

outubro de 2016

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

MEMORIA DE SADA

Arriba: rúa Linares Rivas na súa confluencia coa praza de San Roque e a rúa Cortaduría, nunha imaxe dos anos 20. Á esquerda pode verse a fachada do salón Moderno e ao fondo, no alto, a igrexa parroquial de Sada de Arriba. Abaixo: praciña do Conde no ano 1931.

Fotografías cedidas por Memoria de Sada (*memoriadesada.com*)

A R E A L

Asociación Cultural
Irmáns Suárez Picallo

REVISTA CULTURAL DE SADA

14 de outubro de 2016
nº 13 - Sada

Opinión e actualidade

A A. C. M. Os Patexeiros: difundindo a cultura marítima de Sada e Galicia 2
A. C. M. Os Patexeiros

Vegetarismo, unha antiga arela 6
Manuel B. Dans

Manuel Couzo: unha vida de amor a Sada 8
Manuel Pérez Lorenzo

A cultura como alicerce básico do dominio político 9
Manuel Lugrís Rodríguez

Estudos locais

Sada, imperio téxtil de Europa (II) 11
Maise Vázquez García

Vida mariñeira de Sada 15
Mª do Carme Ríos Panisse

A praia de Sada: historia e realidade actual 19
Rafael Carballeira

Estudos xerais

Nomes foráneos na literatura galega 22
José-Mª Monterroso Devesa

Un lugar para mirar: a Ría do Burgo 26
Antonio Sandoval

O Arquivo Municipal de Betanzos en internet 28
José Mª Veiga Ferreira

Juan Lembeye e Lartaud 30
Carlos Pereira Martínez

Un matrimonio entre mulleres 34
Narciso de Gabriel/Hernán Díaz (trad.)

Valle-Inclán, autor, personaxe e xenio 38
Edmundo Moure Rojas

Creación

Desde Nicaragua al azul 42
Theodoro Elssaca

Chega *Areal* ao seu número trece, un chanzo máis na nosa andaina que deberá preceder a outros, se facemos caso do dito que afirma do trece que é «mal número se non crece»...

Cando o 14 de outubro de 2010 diciamos na presentación que «comezamos esta ilusionante aventura semestral coa pretensión de achegar aos veciños o coñecemento das realidades máis inmediatas e o legado dos que nos precederon na habitación desta xeografía» non pensabamos no tempo que podía durar este proxecto en Sada, consolidándose como un referente cultural recoñecido da nosa comarca das Mariñas. Pero a culpa de que *Areal* continúe subindo chanzos débese a tres causantes: a ti, lector/a, que demandas e acolles este proxecto cultural con entusiasmo; á nutrida nómina de colaboradores que, gratuitamente, aportan ilusionados a súas creacións; e, como non, aos nosos patrocinadores e anunciantes que fan posible que *Areal* se distribúa de balde.

Este ano estanos a deixar satisfaccións como a de ver reeditado polo Concello e a Deputación en edición facsímil o número 1 da revista *Mariñana* con motivo da Feira Modernista; ou a de ver como se consolida un público que asiste aos nosos actos, sobordando en ocasións as nosas expectativas. Mais tamén, como é inevitable, 2016 trae as súas malas novas. Hai unha semana recibiamos a triste comunicación do falecemento, en Arxentina, do noso Socio de Honra Manuel Couzo, presidente que foi do C. E. Sada y sus Contornos de Buenos Aires. Sirva, pois, este número de *Areal* tamén para lembralo.

Alfacar: busco tus ojos 43
Theodoro Elssaca

Manuel María in memoriam. Ao Manuel soterrado 44
Ricardo Seixo

Conto de aldeia. O crego burlom 45
Adela Figueroa Panisse

Toño de Pazos 48
Quijote

Documentos 51

Memoria de actividades 53
Marisa Naveiro López

O que limos 56
Vanesa Santiago Vázquez

Coordinación e maquetación
M. Pérez Lorenzo · A. C. Irmáns Suárez Picallo

Contacto comisionsuarezpicallo@gmail.com

Fotografía de portada
Manuel Couzo en Sada (2013). Fotografía de Abel López Soto

www.blogoteca.com/acsuarezpicallo

Impresión
Lugami, Artes Gráficas · Betanzos

D.L. C 3217-2010 *ISSN* 2254-8688

Deseño dos caracteres do título
Calros R. Silvar

Tirada 850 exemplares

ASOCIACIÓN CULTURAL MARIÑEIRA OS PATEXEIROS: DIFUNDINDO A CULTURA MARÍTIMA DE SADA E DE GALICIA

Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros

A ASOCIACIÓN

No ano 2008 un grupo de amigos de Sada mercan un bote tradicional das Rías Altas e decídense a restauralo para navegar con el a vela. Será bautizado como o Arredemo.

Tras unha rápida restauración, ese mesmo ano, e sen contar con ningún apoio, deciden participar no Festival Marítimo Internacional de Brest, a festa máis grande do mundo para as embarcacións tradicionais.

Un ano despois, no 2009, e xurdindo a oportunidade de facerse coa Balbina, un barco dedicado á captura do patexo que ía a ser desguazado, e tras decatarse de que posiblemente era o único da súa tipoloxía existente en Galicia, deciden constituír unha Asociación Cultural co fin de salvar ese barco único do desmantelamento.

Nace a Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros, que ten entre as súas finalidades a defensa, recuperación, conservación e difusión da cultura e do patrimonio material e inmaterial de Galicia, o fomento dos deportes náuticos, a defensa da natureza e do medio ambiente da franxa litoral e a difusión da cultura marítima e fluvial.

Xa nese mesmo ano 2009 organízanse varios eventos importantes: Unhas xornadas técnicas sobre navegación tradicional, coa participación de poñentes da talla do Director do Museo do Mar de Galicia, o Subdirector de Portos de Galicia, o Capitán Marítimo de Sada, o Presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, o historiador Bernardo Máiz, etc...

Tamén se creou a Copa Balbina de vela tradicional, a primeira competición regular de embarcacións tradicionais do Golfo Ártabro, que premia ademais da clasificación das regatas, a asistencia a outros eventos de vela tradicional. Este ano 2016 disputouse a 8ª Edición de esta Copa que está calando fondo entre os afeccionados.

Dende o ano 2009 levamos organizado xa varias edicións dos Cursos de Carpintería de ribeira, cos que pretendemos poñer en valor este oficio tan vinculado ó mundo do mar e en perigo de extinción, á vez que transmitir ás novas xeracións coñecementos suficientes para afrontar tarefas de mantemento das embarcacións de madeira.

O éxito dos cursos foi tal, que saímos mencionados en varios medios de comunicación escrita, varias veces na web da FGCMF e tamén na newsletter do Proxecto Dorna. Entre os alumnos asistentes ás diversas edicións contamos co Director do Museo do Mar de Galicia, o vicepresidente da FGCMF, carpinteiros profesionais, enxeñeiros navais, mecánicos, estudantes, militares, etc... demostrando que a carpintaría de ribeira interesa a moitos ámbitos sociais.

Este ano 2016 lévase ó cabo a 6ª edición destes cursos cun grande éxito de asistencia.

No ano 2010, a A.C.M. Os Patexeiros pasa a formar parte da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que actualmente engloba a máis de 40 asociacións de Galicia e o Norte de Portugal.

Participamos en moitos dos encontros e concentracións de embarcacións tradicionais que veñen tendo lugar en diferentes puntos das costas galegas, e somos uns fixos nas que se celebran no Golfo Ártabro.

Organizamos singraduras no barco veleiro danés dos anos 40 Tina Husted, un habitual do porto de Sada, para que os participantes puideran vivir a aventura de navegar nun gran barco con aparello tradicional.

Botadura da Balbina, barco dedicado á captura do patexo que hoxe forma do patrimonio da A. C. M. Os Patexeiros.

Fotografía cedida pola A. C. M. Os Patexeiros

Estivemos presentes en varias edicións da Feira Mariñeira de Sada, con participación activa con talleres de talla, de carpintaría de ribeira e de encascado de velas e aportando en varias ocasións a actuación do grupo Cántigas da Terra.

Este ano 2016 celebraremos tamén a nosa 4ª Xuntanza Patexeira de Embarcacións Tradicionais, que traerá a Sada barcos e visitantes doutros lares.

Chegada a primavera e mentres os barcos non saen ó mar, levamos a cabo rutas de sendeirismo costeiro, para animar á xente a que coñeza con nós a costa das Rías Altas.

Éstas e moitas máis son algunhas das cousas que fixemos con tan só 7 anos de vida.

Toda esta actividade desenvolta deu lugar a que tivéramos varias aparicións en programas da TVG tales como *De Proa a Popa* en xullo do 2008, e en *Salitre* en xuño do 2009, en Vivir *Aquí* no 2012 en en *Ribeiras* no 2014, en varios periódicos e no especial de *La Voz de Galicia* e outros medios de comunicación. A páxina web principal dos Patexeiros superou xa as 34.000 visitas, contando con visitantes de todos os lugares do mundo, como se pode comprobar no trazador de localizacións que temos na mesma páxina. Tendo un gran seguimento a nivel peninsular por ser das poucas asociacións que organizamos cursos de carpintaría de ribeira. Do mesmo xeito, a páxina web exclusiva da Balbina xa superou as 10.000 visitas, e o noso facebook cada día recibe máis peticións de amizade.

A FLOTA

Actualmente a flota patexeira está formada por 11 barcos de distintas tipoloxías: lancha patexeira, bote de media construción, botes polbeiros, dornas, chalana e buceta das Rías Altas. Algúns aínda en proceso de restauración ou xa en proceso de aparellado.

Tamén temos en proxecto a construción dun novo barco, unha lancha das Rías Altas, actualmente unha tipoloxía desaparecida.

Tamén temos cedida pola Asociación de amigos das embarcacións tradicionais da Coruña unha buceta ou canoa muradana e solemos compartir navegación con esa asociación no galeón Punta Pragueira.

O PROXECTO DOS PATEXEIROS

A A.C.M Os Patexeiros, desenvolve as súas actividades en dous Concellos, o Concello de Sada e o Concello de Oleiros.

En Lorbé-Oleiros adoitamos organizar os Cursos de Carpintaría de ribeira, e todas as actividades de navegación, regatas, conferencias, galas, etc... facémolas no Concello de Sada.

A meirande parte da flota está fondeada ou amarrada en Sada. Cada ano os barcos fondeados teñen que sufrir os avatares das inclemencias climatolóxicas, e xa vai por varias ocasións nas que os barcos son arrastrados polos temporais cara ás pedras ocasionándolle danos cuantiosos que logo temos que pagar cos poucos recursos da Asociación.

Como tampouco dispoñemos dun sitio en terra onde poidamos invernar a flota, a maioría ten que permanecer no mar todo o ano co conseguinte risco.

Por unha banda precisamos dun sitio a cuberto en terra onde poidamos invernar parte da flota, aqueles que non contan con praza de amarre, xa que telos varados ó aire libre fai que se deterioren pola choiva, a humidade e o vento que fai abrir a madeira. Un espazo cuberto de entre 70 e 100 metros cadrados sería suficiente para poder invernar gran parte da flota e almacenar os aparellos.

Poderíanse contemplar diversas formas de contraprestación: cesión do Concello ou de Portos de Galicia (a custes asumibles para unha pequena asociación) a cambio de difusión e publicidade, patrocinio de empresas privadas a cambio de publicidade, etc...

Por outra banda a intención da Asociación é contar coa colaboración das administracións, local e autonómica para, co mínimo gasto posible, facilitar á nosa Asociación o amarre nun pantalán ou nunha lámina de auga abrigada específica para a nosa flota.

Somos coñecedores da actual situación económica que estamos padecendo, por iso buscamos fórmulas que teñan o menor custe posible para todos, pero que nos aporte unha solución ós problemas actuais da nosa Asociación e un valor engadido ás Administracións implicadas. Nós, como Asociación sen ánimo de lucro, non temos suficientes recursos económicos como para custear un pantalán.

Creemos, por informacións que nos teñen chegado, que Portos de Galicia ten varios tramos de pantaláns sen usar desperdigados en distintos lugares. Tratarías de aproveitar eses pantaláns que actualmente están sen uso, para reutilizalos e darlles un novo e interesante uso como pantalán museo activo.

O proxecto complementaríase dispoñendo paneis explicativos coas distintas tipoloxías de embarcacións ó longo do tramo do paseo á altura dos puntos de amarre, nos que se faría constar a colaboración do Concello de Sada e do ente Portos de Galicia, e das demais entidades ou administracións colaboradoras.

O pantalán coas embarcacións amarradas, e cos paneis informativos, converteríase nun grande atractivo turístico para a vila. En días de festas significativos poderíamos engalanar os barcos para darlle máis vistosidade.

Non sería preciso un pantalán demasiado grande, bastaría para que collera o barco insignia da Asociación, a Balbina, o último patexeiro de Galicia, cunha eslora de 12m, e unhas 15 embarcacións adicionais de distintas tipoloxías entre os 4 e os 7 metros de eslora. Tampouco se precisaría un pantalán con instalación de luz nin de auga, xa que as nosas embarcacións non o precisan, polo que non resultaría moi custoso.



Carros recollendo o patexo na praia de Sada.

Páx. s.: embarcacións no transcurso da Copa Balbina e imaxe da Desexada, propiedade da A. C. M. Os Patexeiros.

Fotografías cedida pola A. C. M. Os Patexeiros

A Balbina é un barco, que ademais de ser único na súa tipoloxía, está recoñecido no inventario do proxecto europeo DORNA, forma parte da vida mariñeira de Sada e leva vinculado a esta vila dende os anos 40. Non haberá ningún mariñeiro de Sada, que sendo preguntado pola Balbina, descoñeza de que se lle fala. Polo tanto tense ben merecida unha praza no Porto de Sada.

Tamén nos visita e fondea a miúdo o galeón Punta Pragueira da AAETC que desenrola asiduamente as súas actividades na Ría de Sada e sería xunto ca Balbina un dos barcos que atraerían máis miradas polo que tamén sería interesante que puidera estar amarrado no mesmo pantalán.

Entre as actividades que se poderían facer para aproveitar o uso do pantalán estaría a de concertar visitas guiadas para os centros de ensino do concello, para que así os alumnos puideran ver de primeira man un tipo de embarcacións que contribuíron en boa medida ó auxe económico da vila de Sada e de outras vilas de toda Galicia e que hoxe corren perigo de extinción.

No verán tamén se poderían facer visitas guiadas para grupos de turistas. Isto poderíase complementar con outras actividades paralelas, exposicións en terra, etc..

Os emprazamentos que consideramos máis axeitados poderían ser estes dous: Na lámina de auga situada entre os pantaláns do Club Náutico e o paseo marítimo, un pouco antes da antiga nave de redeiros, hoxe local social do Club Náutico. Ou ben na lámina de auga que queda entre os pantaláns de Portos de Galicia e o paseo marítimo.

Para conseguir isto precisamos a implicación da Corporación Municipal, Portos de Galicia, Deputación, etc…

O FUTURO

A nosa idea é seguir crecendo en número de socios e embarcacións e cunhas instalacións axeitadas e un pequeno apoio institucional, poder chegar a albergar dentro duns cantos anos unha edición do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, evento a nivel internacional que ten lugar cada dous anos.

Hai que ter en conta, que este evento, en 24 anos de vida só subeu nunha ocasión ás Rías Altas, máis concretamente a Ferrol, organizado polos amigos do Club do Mar de Ferrol.

O Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia conleva unha asistencia estimada á localidade organizadora de entre 30.000 e 40.000 visitantes nos 4 días que suelen durar, co consiguiente beneficio económico para os negocios locais.

Por suposto, un evento destas características ten que estar apoiado polas institucións e por toda a corporación municipal.

VEGETARISMO, UMHA ANTIGA ARELA HUMANA

Manuel B. Dans

A Carnivoristas como o mitólogo J. Campbell constumam pensar nos vegetaristas (e nos veganos mais ainda) como pessoas sentimentalistas, vítimas dum razoamento fraco e superficial que apenas pode estar inspirado pola imaturidade própria de quem desconhece a vida (incluissive, supom-se, vegetaristas ilustres como Thoureau, Gandhi ou J. Safran Foer). Referem-se, sobretudo, àqueles que decidem deixar de comer animais por motivos de consciência mais do que por razons dietéticas ou ecológicas, embora estes três factores mesturarem-se amiúde. Alegam estes entusiastas do sabor da carne, nom sem razom, este mundo ser, sem remédio, um lugar cruel em que a vida se alimenta da vida e onde a existência dum indivíduo exige em pago a extinçom de outro. Umha regra esta em que parece que a entidade Natureza-Deus (ou será talvez o Diabo?) nom nos ter consultado na hora de a conceber; mas, paradoxalmente, dotou a nossa espécie com a suficiente potencialidade sensível como para a julgar abominável. Sobre este alicerce o pensamento vegetarista é visto como produto dos brandos tempos modernos, quer dizer, contrários a umha tradiçom carnívora supostamente eterna.

Remorsos entre Selvagens e Jainismo

A história da Humanidade, porém, di-nos claramente outra cousa (mais que dizer grita-no-lo): a piedade polos nossos irmaos menores (Sam Francisco), é um sentimento que se reitera no percurso dos milénios. Na verdade nunca antes fora a Humanidade, polo menos a respeito dos animais, tam insensível como a é nos dias de hoje. No período Paleolítico, caçador e recoletor, há dúzias de miles de anos, topamos com que aqueles "terríveis" caçadores lhes pediam perdom aos animais antes de os ferirem; com que honravam os seus restos para nom ofenderem os seus espíritos, e mesmo com que se preocupavam por imaginar umha mitologia que castigasse o consumismo. Podemos suspeitar que todas estas precauçons delatavam a forte presença da classe de sentimentos de que os psicópatas ficam eivados, de remorsos. Para além do mais, naquela época nom consideravam as bestas, como hoje, apenas um sinónimo de salsichas ou hambúrgueres: eram, polo contrário, parentes com os que mesmo compartilhavam antergos; chamavam-lhes irmao urso e irmao lobo, e constituíam totems ou modelos de virtude que imitar. Acreditava-se entom na transmigraçom das almas, na viagem que ela fai através das diferentes formas de vida. Muito tempo depois o druida da mitologia galego-irlandesa Amergim presumirá de se lembrar das suas passadas existências como cavalo, cervo ou javali.

Mas vai ser na centúria de 700 aC quando nasce na Índia a expressom mais radical de veganismo nunca vista, o jainismo, reconhecível hoje por os seus monges apagarem a boca com um pano com o propóssito de nom engolirem acidentalmente insetos. Estes monges chegam mesmo até o extremo de consumirem unicamente vegetais mortos de maneira natural, como folhas de árvores caídas. Só eles, pois, sairiam indemnes da crítica, certamente injusta, que J. Campbell dedica aos vegetaristas ao assegurar eles nom serem verdadeiramente sensíveis por nom ouvirem gritar os tomates (como em certo sentido faram: plantas e árvores possuem áura e certo tipo de sensibilidade que lhes permite intuir as intençons dos indivíduos que as rodeiam).

Tudo pola queixa dum Boi

A Alma comum a todos os bóvidos, Gush Urvan, ergue um dia um laio ao Céu em que se queixa polos maus tratos que os humanos perpetram contra os indivíduos da sua espécie, torturados, sacrificados, devorados, e pergunta entom pola razom da sua existência ("para que é que me trouxe-ches a este mundo?"). Comovido por aquelas palavras Ahura Mazda decide enviar um sábio para nos ajudar

a reconduzir a nossa conduta. Esta fermosa maneira em que o livro iraniano do Avesta descreve no séc.VI aC a chegada do profeta Zoroatro fai-nos pensar em que talvez nom seja tanto a certeza da morte a que liga a nossa espécie com a religiosidade, como o descobrimento da cruel natureza da vida e o poderoso instinto espiritual da compaixom a se rebelar contra ela: sentir-se nos demais, condoer-se, solidarizar-se, demostra que o nosso Eu nem só se reduze à própria pessoa, mas fai parte do Todo e, através dele, imortaliza-se.

O Imperador quere que comamos Carne

No Japom prévio ao século XIX, antes de que a revoluçom Meiji decida assimilar parte da cultura ocidental com fim de modernizar o país, o consumo de carne, sobretudo de gando e de cavalo, estava considerado "indecente" e fazia mao currículo para se presentar diante dos deuses. Como curiossidade dizer que a maneira de cozinhar carne mais popular na Galiza, o churrasco, lá recebe o nome de "churasuko", estrangeirismo introduzido por mercadores portugueses. No século XIX, porém, promociona-se o carnivorismo na crença de a carne fornecer as pessoas de fortaleza física (também os hindus e as indianas, entre eles um jovem Gandhi, acreditavam terem sido dominados polos ingleses apenas por uma questom de hábitos alimentares, pois o hinduismo protege as vacas e o budismo, em geral, tudos os animais). Mas nem tudos os japoneses estam prontos para obedecerem Meiji: o socialista revolucionário Katayama Sen expressava uns sentimentos muito afins a qualquer camponês galego: "nascim numha granja e trabalhei nela. O boi era absolutamente necessário para arar, e nós queria-mo-lo como a um membro mais da família. Eu costumava ir atrás dele e era precisamente o seu trabalho o que me fazia ganhar dinheiro. Tenho tantas lembranças daquele boi que nunca quereria comer carne". Esta testemunha unida a o facto de muitas pessoas virarem para vegetaristas assim que adotam cans, parece demostrar que o respeito polos animais origina-se no conhecimento deles, e, do mesmo modo, a insensibilidade deriva da ignorância, quer da humanidade animal, quer da animalidade humana.

Mahatma Ghandi nun concurso agrícola en Londres.

Bibliothèque nationale de France, département Estampes et photographie, EI-13 (2886)

MANUEL COUZO: UNHA VIDA DE AMOR A SADA

Manuel Pérez Lorenzo

O pasado 10 de setembro morría na Arxentina Manuel Couzo, fundador e expresidente do C. E. Sada y sus Contornos de Buenos Aires, Fillo Predilecto de Sada e Socio Honorario da A. C. Irmáns Suárez Picallo. Unha persoa moi querida na nosa vila e entre os sadenses da diáspora pola súa afabilidade e polo seu labor social ao longo de varias décadas.

Manuel Couzo Bermúdez naceu no ano 1933 no barrio da Tenencia. Mariñeiro na súa xuventude, emigrou con 17 anos á República Arxentina, onde formaría parte da plantilla de "La Continental, compañía de seguros generales" ata a súa xubiliación, encargándose do control e mantemento das instalacións dun edificio de oficinas e doutros labores administrativos.



Manuel Couzo na procesión do Carme do ano 2013, na súa derradeira visita a Sada

Fotografía de M. Pérez Lorenzo

No ano 1974, xunto con outros veciños residentes en Buenos Aires, funda o C. E. Sada y sus Contornos, que chegou a superar os 2500 socios e, actualmente, é a única asociación activa coa que contan os sadenses na diáspora. Manuel Couzo sería o seu presidente durante 22 anos, así como un dos seus principais dinamizadores. Ao longo deste tempo as súas actividades foron diversas: charlas, cursos, actos de confraternidade, etc. Ao igual que xa facía desde os anos 20 a súa entidade predecesora, a sociedade Unidos de Sada, cada ano celebran as nosas festas parroquiais. Contan cun local en propiedade en Pasco, onde realizan os seus eventos e se reúnen.

Por outra parte, Couzo coñeceu e tratou a ilustres sadenses como o dramaturgo Ricardo Flores e o político e xornalista Ramón Suárez Picallo. Isto, unido á súa relevante actividade á fronte do C. E. Sada y sus Contornos, motivou a súa participación, xunto ao alcalde Abel López Soto, no traslado dos restos de Ramón desde o Cemiterio da Chacarita de Bos Aires ata o do Fiunchedo hai xa oito anos, o 14 de outubro de 2008. Naquel contexto, fixo entrega ao Concello dunha colección de vinilos con gravacións inéditas de Suárez Picallo; un verdadeiro tesouro que el custodiara no devandito Centro.

En recoñecemento á súa traxectoria, a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo decidiu entregarlle, no ano 2013, o título de Socio de Honra. Homenaxeaba así a un home de ben, xeneroso e humilde. Unha persoa entrañable cunha traxectoria de entrega aos demais e coa que daba gusto conversar. Un sadense orgulloso das súas raíces, apaixonado polas xentes e polas paisaxes do pobo que o viu nacer. "É saudable voltar á miña terra. Somente ver a miña terra e os meus veciños é unha satisfacción impagable. Eu respirando este osíxeno do mar xa estou satisfeito. [...] Á xente de Sada que vaia a outros países, dígolle que teña permanentemente a mente en Sada. Iso é un valor incalculable". Así falaba na súa derradeira visita, en 2013. Agora toca lembralo e seguir apoiando ao Centro que, co seu esforzo e co de moitas veciñas e veciños, representa a Sada alén do Atlántico.

A CULTURA COMO ALICERCE BÁSICO DO DOMINIO POLÍTICO

Manuel Lugrís Rodríguez

Hai xa uns cantos anos, paseando un día polas rúas de Lisboa, din por ler un anuncio, no frontispicio dunha casa que albergaba no seu baixo un recinto indefinido desde o exterior, e que dicía simplemente "sevilhanas". E dicir, alí dábanse clases desa danza de orixe andaluz, o que me fixo cavilar do que significa a grande forza de expansión que ten por mor da súa especial e interesada promoción e, por un intre, veume á mente aquela palabra tan aquelada coa que alcuñábamos moitos dos filmes daqueles longos anos de lume e ferro: españolada. E, ó fío de todo isto viñéronme algunhas reflexións que vou tentar expor aquí.

A cultura dun colectivo é o meirande patrimonio que pode este amosar de cara ó aval de calquera caste de acción reivindicativa ou, mesmo, como solicitude de recoñecemento identificativo. Ese saber popular, que en modo algún contraponse coa cultura oficiosa que manexan os poderes, tanto os políticos coma os administrativos, forma un corpo civil heteroxéneo que, ó mesmo tempo, determina unha configuración de analóxica uniformidade, que está a harmonizar a idiosincrasia dun pobo e que define, en moitos casos, os límites e perfís que o configuran como tal.

Esta realidade é ben entendida e, sempre o foi, polos dominios coloniais que no mundo foron, coma vehículo de introdución, case sempre sibilinamente propiciada, e que se basea en dous principios que se repiten de xeito cíclico desde o máis profundo da historia humana: a suposta superioridade do invasor cultural e a feble defensa dun desprotexido e, case sempre, escasamente formado receptor. Exemplos hai dabondo e por non ir máis lonxe temos o triplo dos alicerces do poder branco nos Estados Unidos, dese "white power" que promulga o seu catecismo racista en que o verdadeiro "americano" é de raza branca, protestante e de fala inglesa. Neste último apartado agóchase a introdución formativa dunha cultura que impoñendo unha lingua determinada, compórtase coma o cabalo troiano do sometemento social, económico e político que definirá ese poder en todas as ordes da vida cidadá.

E, nestas circunstancias temos o caso que nos ocupa. A esponxosa sutileza conque os cerebros e os despachos do poder central, estruturan unha conformación específica do que eles denominan "marca España" no eido cultural e que, desde sempre están a construír un modelo do hispano baseado unicamente nos valores folclóricos e pseudoformativos do andaluz, como perfectamente captou o gran Luis García Berlanga na súa obra mestra de "Bienvenido Mister Marshal". A simple manifestación deste acervo popular, dunha parte do estado, proponse coma elemento unificativo da totalidade, deturpando así calquera outra mostra de valor que non sexa a que se está a impor subrepticiamente.

Hai xa un tempo que escribín un pequeno relato sobre esta introdución solapada, furtiva ou mesmo sixilosa que titulei, como aquel cartaz que vin nas rúas de Lisboa, "Sevillanas" e que reproduzo agora para distender un tanto esta árida reflexión. E que dicía así:

"Os días de outono, na Coruña, teñen a súa máxima vixencia vital nas primeiras horas do lusco e fusco. Cando a xeada penetra dende as duras marxes da península, mesturada en salitre e vivificadas pingas de rosada prematura en pátina suave, deleitosa, case que mística, a converxer coa actividade cidadá, nos últimos laios da xornada laboral. Toda a vitalidade da urbe concéntrase en poucos minutos, entón, e parece como se o latexo de milleiros de corazóns pairase por entre os autobuses ateigados en luces prateadas, renxidos de coches que furtan as barreiras de tráfego e o silencio que se estende, sen vagar, polas rúas e prazas que entran, paseniño, na calma da noite. De cando en vez, un olla para o ceo por ver de descubrir as estrelas no morteciño reflexo do neón e, tamén as veces, cansa a mirada de tanta luz que fuxe dos escaparates ou do moneo de figuras que pasan perante de nós e da mesma vida.

Era, pois, un día deses, cando Sabela detívose diante do semáforo. Eran as sete e vinte e estaba en vermello. Os coches pasaban indiferentes e, maquinalmente, tomou conta do seu número: un, dous, tres, catro..., e así ata dezanove. Logo luz verde e apura o paso temendo non chegar á outra beirarrúa a tempo. Non é que tivera presa... mais apuraba. E con este andar lixeiro, extremadamente lixeiro, correu á beira cara a un destino que semellaba estar escrito nun papel agochado en ningures. Onde ía? Nin tal cousa preguntaba. Ela andaba as baldosas en vintecinco anos de eterno percorrido no mesmo semáforo e na mesma rúa. Os vehículos, de seguro, tamén serían os mesmos. E, incluso, o garda urbano acabado de entrar no corpo... Pero todo estaba igual. Os últimos días do mes descargaban toda súa inmensa pesadume no outono de xeada e presa.

Cando alcanzou a discoteca, aínda estaba a porta pechada. As clases de sevillanas retrasaríanse aquel día. E, raramente, non estaba ningunha das outras alumnas que, decote, adoitaban seren máis puntuais que ela. Tanto era o afán co que tomaran a aprendizaxe de aquela exótica bailada. O mar bruaba, mentres, pola costa, e deixaba razón da súa presenza como Atlántico en rochas de mexillón e xebra, que non sería quen de definilo pero que non lle casaba coa dozura climática asociada á titiritaina meridional. Por outra banda a profundidade da noitebra de Labañou, dáballe, ós seus sentires de espera, un refolgo impregnado naquelas palabras do tío Manolo entre silveiras de setembro dourado polas amoras de corredoira da súa nenez e, tamén, por que non, o cheiro forte, inescusable de esquilmo mariño, afastaban a súa realidade de toda conexión cos incertos aires dos faralaes alleos.

Pasaban os minutos e non chegaba ninguén. Paseou para arriba e para abaixo do estreito bordo e a porta continuaba pechada. Abeirouse ó muro que daba ó mar e, na escuridade do serán intermitente, albiscou o branco tenue das escumas bailando arredor dos cons e a luz solitaria dalgunha das lanchas de Riazor que se aventuraba polo Orzán. Esas escasas vivencias, guiáronlle, de novo, á lembranza en sepia de anos de esplendor na estampa daquel seu tío que lle estaba a falar da súa xuventude de ilusións, de frustracións e palabras caladas en voces detidas no crepúsculo da súa vida. As ideas de dignidade e do mundo que puido ser e non foi. De Daniel, de Alexandre, de Casal... Nomes que redactaban todo o seu discurso de anceios rachados e de violencia incontida. E, por un intre, sentiu no seu interior aquela mesma sensación de nena entre toxos e chorimas do alto verán, de non te vaias manchar, de imos que xa e tarde... e de, cómo se chama ese bicho?, e voces esquecidas que volteaban desde os días de inocencia: lavanco, fieito, regacho...

Eran as oito e dez. Xa estaban dentro. Había luces de falsidade e rumores de voces enreixadas...

Sabela cruzou axiña, rápido.

Enfilou a Praza de Portugal e desandivo os pasos de vintecinco anos na cidade orfa que, agora, nas elevadas columnas de neon e nos pasos de cebra, parecía entrever un fío de nova luz nos últimos días do setembro de presa e xeada."

Eu diría que este relato é unha parábola civil do poder da nosa contorna, dese neodruidismo que ten a formulación panteísta que nos configura como galegos e que confronta violentamente coa imposición foránea e mesmo estraña da unicidade que se pretende introducir e da que estábamos a falar, o que é unha evidencia perfectamente definida ó longo de moitos anos de mensaxes subliminais de feiras de abril, flamenquito, "pescaito", farolillos, cabalos "enjaezados", misas rocieras e demais aditamentos do todo un conxunto de folclore barato e lugares comúns de especial afectación a un cenario descrito e conformado nunha ideoloxía predeterminada na máis pura demagoxia ao lombo da desinformación e a ignorancia.

Persoas como Sabela, a do noso relato, son a nosa esperanza de futuro. De que diga non, de quen non abra a boca en pasmo de ignorancia, de que a verdadeira cultura da nosa esencia popular perdure coma patrimonio. Evidentemente, nada máis lonxe de culpar de todo isto o pobo andaluz e as súas xentes que bastante teñen con sufrir esta manipulación do seu importantísimo aporte en todos os eidos da cultura universal e que merecen todo o noso respecto e consideración. Pero tampouco é cousa de que ollemos para outro lado cando toda esta andrómena está sendo utilizada coma contraposición política ás lexítimas aspiracións do noso pobo.

SADA, IMPERIO TÉXTIL DE EUROPA (II)

Maise Vázquez García

FABRICA DE LENZOS E MANTEIS

(Anos 1684 a 1725)

.Como se amenta no número anterior desta revista, a conversión de Sada nun gran imperio téxtil entre os anos 1674 e 1762 foi obra case exclusiva da iniciativa dos armadores e industriais flamengos: Adrián de Roo e Baltasar Kiel.

A fábrica de lenzos e manteis foi a segunda das tres factorías téxtiles establecidas, dentro do gran complexo industrial téxtil creado en Sada, por estes cabaleiros flamengos.

A nomeada fábrica foi montada en 1684, logo de que en España fose creada a Junta de Comercio y Moneda polo Duque de Medinaceli. A devandita Junta axudou neste proxecto para poder imitar en España os xéneros de Flandres e Holanda, con certas calidades e condicións. Para iso era preciso traer dos Estados xa mencionados os materiais necesarios para o funcionamento da devandita fábrica.

Neste novo proxecto Adrián de Roo, residente en A Coruña, e Baltasar Kiel, residente en Sada, formaron compañía con Cornelio Bandericer, flamengo residente en A Coruña.

Roo e Kiel comprometíanse a traer dos Países Baixos dez familias, ou máis de ser preciso, co único obxecto de "introducir en el reino de Galicia la fábrica de lienzos y manteles reales, a imitación de los que se dicen de Flandes y Holanda".

Estas familias de artífices experimentados naquel tipo de industria, que non poderían "ser detenidos ni embargados por cuentas, débitos u otras causas" nun prazo de dous anos, distribuiríanse así: sete familias expertas en labrar os lenzos de tipo comunmente chamados "holandas", de diferentes calidades; dúas especializadas nas tarefas de branquear, aderezar, espadelar e compoñer os devanditos lenzos, e unha entendida na fabricación de manteis reais. Ademais dun Capelán que comprenda a lingua flamenga para subministrar ás devanditas familias os oficios relixiosos.


MEMORIAS
POLÍTICAS Y ECONÓMICAS
SOBRE LOS FRUTOS,
COMERCIO, FÁBRICAS Y MINAS DE ESPAÑA,
CON INCLUSION DE LOS REALES DECRETOS, ÓRDENES, CEDULAS, ARANCELES Y ORDENANZAS EXPEDIDAS PARA SU GOBIERNO Y FOMENTO.
TOMO XLV.
FABRICAS DE SOMBREROS, LIENZOS y metales del Reyno de Galicia.
POR D. EUGENIO LARRUGA.
MADRID.
EN LA OFICINA DE DON ANTONIO ESPINOSA.
AÑO DE M.DCCC.
Se hallará este tomo con los antecedentes en la Librería de Escribano, calle de Carretas, y en la de Millana, calle del Correo viejo, junto al Parte.

Nas súas *Memorias*..., Eugenio Larruga dedica numerosas páxinas a describir a actividade fabril de Sada.

Nun despacho de Carlos II ao Consello de Flandres no ano 1688 concédeselle salvoconduto a Roo e Kiel para traer a Galicia fabricantes de lenzos dos Países Baixos.

Outro despacho rexio ordenou ao Gobernador Xeral dos Países Baixos que en modo algún se obstaculizase a contratación de fabricantes e a



HER MAJESTY'S STATE PAPER OFFICE

We are glad to perceive by the Extracts of the Lord Villiers's Letters of the 24th September and 4th Instant New Stile, which you have been pleased to send us, that he was in hopes some thing effectual would be don in Holland for stopping the Woollen Manufacture at Sada in Spain. However, that we may not omit any thing that comes to our knowledg which we conceive may be conducive to that End, we send you here inclosed a Copy of the Minute of an Information given us the 15th of the last month, by a Person who has lived at the Groyne, and seems to understand thoroughly that Undertaking. The material part of this Intelligence, at least, that which we now think deserves most particular Consideration, (besides what formerly intimated concerning the Consul) is, the importance of the three Chief Workmen: And next to that, the number of the States Subjects, both men and Women, imployed there in that Manufacture. All this seems to lay the Occasiones more and more within the power of this State; For if either the Consul desist absolutely from his management; If the three Chief Workmen be either so commanded, perswaded or hired, that they come away; Or if the body of the inferiour Workmen and Women be any way induced to give over; The Undertaking will be much discouraged; And according as more or less of these Propositions are effected, it will so much the sooner or later be short. We leave it therefore to you to make what use you think fit of this Intelligence towards the Lord Villiers; And are

Sir

Whitehall.
Octob. the 5th 1697.

Your most humble Servants

Arriba: escrito do Council of Trade de Longres propoñendo boicotear a industria téxtil de Sada. P.R.O., State Papers, sign. 32/8.

Abaixo: Representación elevada á Coroa en 1779 polo Concello coruñés con referenzas ás fábricas de Sada. A.G.I., Gobierno, Indif. Gen., leg. 2836. Reproducidas ambas en Meijide, 1965.



al principios de el Siglo florecia en la Villa de Sada distante dos leguas de esta Ciudad y en la Corte de los ellas una Fabrica de Granas de tan distinguido primor, y excelencia que ha tenido pocos exemplares en Europa: El Inventor de esta Fabrica era Olandés de nacimiento, y que pereció una mañana, muerto traydoramente, infiriendo el Vulgo que esta casualidad era efecto de la emulacion por los perjuicios que recibian los Estrangeros con esta Fabrica, la que se ha extinguido por la muerte de el Dueño, sin que se pensase en su restablecimiento, ó por ignorar todos el secreto de los tintes, ó por que faltaron fondos, y Arrecamos con la desgracia de el empeño

súa saída para Sada -onde se instalaba a factoría por estimarse como "paraje muy suficiente y abundoso de agua, praderías, y al parecer, el mas a propósito de todo lo que se necesita para las dichas fábricas de lienzos"-; e mesmo outorgasen toda clase de facilidades aos devanditos operarios e as súas familias para a viaxe a España.

As familias citadas virían con todos os gastos pagos e terían que fabricarse para elas dez casas, por non habelas a propósito, nin para a súa compra ou o seu arrendamento, na freguesía de Santa María de Sada.

Encargándose, tamén, de mercar os terreos de pradería para os branqueos, tender e regar os lenzos, abrirlles as camas para que tivesen as augas necesarias e facer as esclusas.

Alén destas familias, os señores Roó e Kiel deberían traer:

Catro teares e o necesario para eles, para as sete familias fabricantes de lenzos.

Necesitando, así mesmo, para principiar esta fábrica, unhas cen rodas coas súas cordas necesarias; dúas prensas para cada familia; sete caldeiras grandes para cocer o fiado, como se estilaba en Flandres, e outras tantas tallas correspondentes ás nomeadas caldeiras, para facer a coada dos liños.

Partidas de algodón e azul e unhas cen barricas de cinza de Alemaña, que era co que facían as coadas en Flandres e outras partes do Norte.

Para a produción desta fábrica utilizábase sobre todo liño, que se producía en Galicia.

Considerando a Coroa que o prezo dos xéneros resultaría moi vantaxoso para os intereses do erario, outorgábaselle á firma **Kiel, Roó y Cía.** todo tipo de privilexios: máximas facilidades para adquirir os terreos precisos; franquías para a importación de liño e demais materias, libres de aduanas, portádegos ou outras taxas que houbere; exención de tributos

reais para a venda de lenzos e manteis durante un quincenio, con libre circulación por todo o mercado nacional; facultando para extraer ouro e prata fóra de España co fin de costear os gastos de introdución das familias de fabricantes e adquisición da materia prima; por último, foro xudicial para facer cumprir o estipulado.

A factoría tería a exclusiva de prover á Casa Real de toda clase de lenzos e manteleiría fina. Ninguén podería fabricar estes artigos en Galicia, durante cincuenta anos, máis que esta compañía.

A carón dos numerosos privilexios e franquías outorgados, Carlos II esixía que nesta fábrica se empregase un certo número de nenos expósitos ou orfos recollidos no Hospital Real de Santiago de Compostela para que chegasen a oficiais na arte téxtil en poucos anos.

En 1690 comezou a funcionar parcialmente a fábrica. Xa dispuña de algún material traído dos Países Baixos e de tres familias de operarios, estas recrutadas no distrito de Countray (Flandres). Porén, os problemas para sacar adiante o proxecto foron moi graves: Guerra de Sucesión ao trono de España (1700-1713), a forte competencia do mercado exterior e o pouco poder adquisitivo da sociedade galega, situaron a manufactura sadense en condicións moi precarias no concernente á comercialización do produto.

Despois de 1713 a produción é cada vez menor. Acabada a fabricación de panos finos de la, a de lenzo e manteleiría proseguiu utilizando tan só nove teares; cinco para manteis reais, dous para lenzaría e outros dous para alemanisco. Se a liñaceira recollida en Galicia, de fibra máis áspera, impedía fabricar o lenzo fino, non ocorría o mesmo coa fabricación dos manteis, que seguían sendo de excelente calidade.

En 1718 a factoría pasa a mans de Fernando Roó e Magdalena Kiel (fillos dos fundadores) que non serán quen de sacala adiante e finalmente, en 1725, veranse forzados a desistir de continuar fabricando en Sada lenzo e manteleiría, transferindo a devandita manufactura á cidade de A Coruña.

FABRICA DE PANOS DE LA

(Anos 1695 a 1713)

A terceira factoría creada en Sada polos xa mencionados cabaleiros flamengos Roo e Kiel foi, en 1695, **a de panos de la**, que aspiraba a competir no mercado español, principalmente no galego, cos xéneros similares de Inglaterra, sobre todo na confección de gras e escarlatas.

Un despacho rexio dado en setembro do citado ano 1695 aprobou o establecemento, pola firma **Roo, Kiel y Cía.**, dunha fábrica de panos finos na vila de Sada, conforme á proposta formulada polo seu principal promotor, Adrián de Roo, entre as que figuraban as seguintes cláusulas:

A firma Roo, Kiel y Cía. comprometíase a pór en marcha, o primeiro ano, seis teares para confeccionar gras e escarlatas e outros seis para compoñer diferentes tecidos de la de inferior calidade como baetas, lamparillas, barragáns, sarxas, calamacos, sempiternas, buratos, picotes, etc. No período de quince anos aumentaríase a 96 o número global de teares cunha capacidade produtiva anual de 34.000 varas de pano fino e 90.000 de tecido diverso.

Eximiríase ao persoal empregado de cargas do concello, fiscais e do tributo das armas, e ningún técnico ou operario cualificado, nativo ou estranxeiro, podería despedirse do traballo durante os primeiros quince anos sen licenza expresa do dono da empresa.

A Coroa outorgaría a esta empresa valiosas franquías no plano estritamente comercial. Vender panos e tecidos libres de todo tipo de impostos, aduanas, portádegos, tributos reais, etc.

Para facer fronte ao gran custo e gastos que requirían a introdución desta fábrica, Carlos II concedería á empresa por vía de empréstito a suma de "diez cuentos de maravedises de vellón" a devolver ao tesouro transcorridos seis anos.

Esta última fábrica principiou a traballar con tan só doce teares manexados por persoal estranxeiro. En seis teares elaborábanse panos finos (gras) e nos outros seis tecidos ordinarios. Paulatinamente van aumentando o número de teares e aparece xa persoal galego ademais do estranxeiro.

ANTONIO MEIJIDE PARDO

APORTACION A LA HISTORIA INDUSTRIAL CORUÑESA. LAS FABRICAS TEXTILES DE SADA

(1675 - 1762)

Separata de REVISTA del Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses
Año I.—Núm. 1.—1965

Antonio Meijide é o autor do estudo máis completo acerca das industrias téxtiles de Sada.

Un informe feito en 1712 por Don Graciano de Peralta y Guzmán informaba que: "la fábrica de paños de la Maestranza de Sada se componía de ocho telares, su tintería con sus cuatro calderas de estaño y cobre en sus hornos, diferentes géneros de tintes, prensas, tixeras de cundir y cardar, con otros instrumentos, todo bien acondicionado; y viendo que no se trabajaba más que en dos telares, averiguó el motivo de la poca salida de estos géneros, y de tener paradas más de cincuenta piezas de paño que reconoció de distintos colores y de buena calidad, que por serlo desmerecían a otros que se podían gastar de otro Reyno".

O éxito desta empresa non foi moito, pechando en 1713. O peche debeuse a catro factores fundamentais:

O primeiro foi a carestía da materia prima; era custoso abondo traela dende Segovia a causa do mal estado das redes viarias e polas aduanas.

Outro factor foi a escasa saída comercial do produto, consecuencia da pouca capacidade adquisitiva dos galegos.

Influíu igualmente o asasinato de Adrián de Roo, principal promotor e alma da empresa, nas circunstancias máis estrañas. A xuízo do Concello coruñés, e logo de seis décadas do suceso que nos ocupa, o asasinato do fundador promoveuse, segundo semella, por instigación de fabricantes estranxeiros, e declárase en 1779, "celosos de su exaltación, según se cree con algún fundamento". A súa morte ten todos os trazos de ser o primeiro asasinato de tipo industrial cometido en España.

E finalmente, foi decisiva a oposición británica. O goberno inglés empregou dous procedementos distintos nos seus esforzos para pechar a fábrica de las de Sada:

Un, o da vía diplomática. Así, John Parker, Cónsul Xeral de Gran Bretaña para Galicia, con sede en A Coruña, considerou que sería conveniente estorbar o desenvolvemento desta empresa, ante a perigosa competencia que suporían os panos sadenses para o pano inglés no mercado galego, operando unhas veces en Madrid e outras na propia Holanda para facer que cesara a axuda holandesa a esta fábrica.

E outro, intrigando directamente cos técnicos e operarios estranxeiros que servían nesta fábrica ofrecéndolles empregos mellor remunerados en Inglaterra.

BIBLIOGRAFÍA

Larruga y Boneta, E.: *Memorias Políticas y Económicas sobre frutos, comercio, fábricas y minas de España*, Tomo XLV, Madrid, 1800.

López, Gloria.: *Aportacións para unha historia de Sada*, Ediciós do Castro, Sada, 1997.

Meijide Pardo, A.: "Aportación a la historia industrial coruñesa: las fábricas textiles de Sada (1675-1762)", en *Revista Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, ano 1, nº 1, A Coruña, 1965.

VIDA MARIÑEIRA DE SADA
CONTRIBUCIÓN PARA UN ESTUDO LINGÜÍSTICO (VIII)

María do Carme Ríos Panisse

Publicado orixinalmente en Verba, *nº 1, 1974: 181-232.*

6. O tempo

alostrejar. Lostregar.

amanexo. Aurora.

anejarse. Mollarse moito.

arco da vella. Arco da vella.

asexo. Tempo que media entre o solpor e a noite pecha.

bichuchía. Barrallo de néboa: "Bichuchía norte cría".

brétema. Néboa.

briza. Brisa.

caer auja a chorro. Chover moito.

callada. Tormenta de neve.

calmiña. v. *calmorio.*

calmorio. Bo tempo despois de parar o vento.

camiño de Santiajo Apóstol. Vía Láctea.

caramelo. Carambo.

carro menor. Osa menor.

carro maior. Osa maior.

ceo emborrallado. Ceo cargado.

circo. Aro da lúa.

clarear. Aclarar o ceo.

cuartear la lúa ou luna. Dise da lúa no cuarto minguante e crecente.

chover a varrer. Chover moito.

devalar a lúa ou luna. Entrar a lúa no seu minguante.

devalo. Cuarto minguante.

entre lusque e fusque. Entre día e noite.

fulerpa. Folerpa, copo de neve.

febriña. Folerpa pequena.

haber unha media vela de vento. Soprar un vento frouxo.

ir en popa. Levar o vento de popa.

ir encima de tres risos. Soprar un vento moi forte.

leste. Vento leste.

lóstrejo. Lóstrego.

luceiro da alba. v. *luceiro de amanexo.*

luceiro de amanexo. Derradeira estrela que se ve pola mañanciña.

luceiro de asexo. Luceiro da tarde.

lucerna. Arco da vella ó que so se lle ve unha beira.

marisana. Brisa algo forte.

medrar a lúa ou luna. Entrar a lúa no crecente.

neboeiro. Nubes pechadas e escuras. // Néboa.

nibueiro. v. *neboeiro.*

noite enfuscada. Noite escura.

nordeste. Vento nordeste.

norte. Vento norte.

norueste. Vento noroeste.

orballo. Resío (en terra).

orballeira. Chuvia fina de pouca duración.

orballar. Chuviñar.

paburela. Bruma de calor.

pedrazo. Saraiba.

pillar cuartos. v. *cuartear a lúa.*

pinja. Pinga.

pinjar. Pingar.

piña. Constelación chamada Pléiade.

pola mañanciña. Cedo pola mañá.

poñer do sol. Posta do sol.

recío. Resío.

refacho. Golpe de vento.

refaja. Cambio brusco do vento.

refaxo v. refacho.

remuíño. Remuíño de vento.

rociar. Caer o resío da noite.

rolar. Cambiar de dirección o vento.

rondar. v. *rolar.*

sarabia. v. *pedrazo.*

sudueste. Vento suroeste.

sueste. Vento sueste.

sur. Vento sur.

sureta. Vento lene e frío que ven do sur.

tardiña. Atardecer.

tempo zarrado. Ceo cargado.

toldado. Nubrado (adx.).

toldar. Pecharse un ceo claro.

topear. Caer a néboa.

tres Marías. Constelación de Orión.

tronada. Tempo tormentoso.

trono. Trono.

ueste. Vento oeste.

vendaval. Vento forte do oeste.

vento da terra. v. *sur.*

vento do mare. v. *norte.*

xiada. Xeada.

xiar. Xear.

zarrar do día. v. *asexo.*

zarrazón. Veo con neboeiro.

zoar. Zumbar o vento.

7. Fauna e flora mariña

a) Peixes

ajulla. Belone belone.

albacora: Thunnus alalunga.

alfóneja. Chelidonichthys lucerna.

alpabarda. Scomberesox saurus.

anchoa. Engraulis encrassicholus. Chámase así cando está en conserva.

anjía. v. *anjila.*

anjiacho. Conjrio pequeno (conger conger).

anjila. Anguilla anguilla.

araña. Callionymus lyra. // Callionymus maculatus.

araña de area. Trachinus vipera.

araña de plaia. Trachinus draco.

arenque. Clupea harengus.

areón. Buglossidium luteum.

atún. Thunnus thynnus.

babosa. Rebaliza pequena.

bacalao. Gadus morhua. // Micromesistius poutassou.

badexo. Gadus pollachius.

baralloca. Gobius niger.

barbada de palanjo. Onos tricirratus // Mullus barbatus?

barbada lisa. Onos mustellus,

barbada palanje. v. *barbada de palanjo.*

barbo. Mullus surmuletus. // Mullus barbatus.

bertorella. Phycis blennioides.

besujo. Pagellus acarne.

bocarón. v. *anchoa* (sen ser en conserva).

bocarte. v. *anchoa* (sen ser en conserva).

boja. Boops boops.

bonito. Germo alalunga.

buche. Bandullo do peixe.

cabala. Scomber scombrus.

cabalo de mar. Hippocampus brevirrostris.

cabra. Paracentropristis cabrilla. // Helicolenus dactylopterus.

calamar. Loligo vulgaris.

camarín. Prionace glauca.

carioca. Pescada pequena.

carrasquenta. v. *areón.*

castañeta. Brama raii.

castañeta encarnada. Beryx decandactylus.

cazón. Galeorhinus galeus.

cazón roxo. Squalus blainvillei?

cerreta. v. *faneca.*

conjrio. Conger conger.

conjro. v. *conjrio.*

cordeota. Rebaliza grande pero non tanto como o *rebalo.*

corvina. Sciaena aquila. // Johnius regius.

crejo. Trigla gurnardus.

criadeiro de raia. Ovo de *raia.*

curcito. Gymnammodites semisquamatus.

curuxo. Scophthalmus rhombus.

chepa. Diplodus vulgaris.

chupona. v. *lamprea.*

dentón. Dentex dentex.

dentudo. v. *dentón.*

doncella. Coris julis.

dourada. Sparus julis.

escacho. v. *alfóneja.*

escarapote. Scorpaena scrofa. // scorpaena porcus.

escorpión. Cottus bubalis.

faneca. Gadus luscus.

ferreira. Raia oxyrhinchus. // Spondyliosoma cantharus.

ferreta. Badexo pecueno.

fodón. Gadus minutus.

helicóptero. Dactylopterus volitans.

jala. Galaxa dos peixes.

jalleja. v. *xurela.*

joldro. v. *limo.*

lamprea. Petromyzon marinus.

lenjuado. Solea solea.

limo. Viscosidade de algúns peixes.

lirio. Micromessistius poutassou.

lirpa. Lenjuado pequeno.

lirpote. Lenjuado moi pequeno.

lisa. Clase de *munxe.* É grande e ten pincha na galaxa.

lombo. Parte dorsal do peixe.

lombrís. Nerophis lumbriciformis. // Syngnathus rostellatus.

lorcho. Gobius niger.

lorcho bravo. Blennius sanguinolentus.

lubina. v. *lubiza.*

lubiza. Morone labrax.

maceirento. Trigla lineata.

manjúa. Aphia minuta.

marajota. Labrus berggylta.

marajota de cuadros. Labrus merula.

marajoto. v. *marajota.*

marajuota. v. *marajota.*

Preparándose para saír ao mar.
Mariñana, 01/03/1925

marrajo. Isurus masus.

marrano. (Peixe sen identificar).

maruca. Molva molva.

meija. Lepidorhombus canicula.

mendo. Glyptocephalus cynoglossus.

merlón. Eutrigla gurnardus? // Symphodus tinca.

mero. Serranus guaza.

mocarte. v. *anchoa* (sen ser en conserva).

morena. Muraena helena.

mormoso. Cethorinus maximus.

munxe. Mugil sp. sp.

munxe barrijudo. Mugil chelo.

munxe curvo. v. *lisa.*

munxe de pincha. Mugil auratus.

munxe saltón. Mugil saliens.

munxe sardiñeiro. Munxe pequeno.

munxel. v. *munxe.*

ollomol. Pagellus cantabricus.

ortija. Torpedo marmorata.

palo. Peixe da familia do bacallau (sen identificar).

palometa. v. *castañeta.*

pancho. Pagellus bogaraveo.

parjo. Sparus pagrus,.

parrocha. Sardiña pequena.

parvo. Parapristipoma mediterraneum?

peixe. Peixe. // En xeral, todo animal mariño.

peixe ánxel. Squatina squatina.

*peixe espada.*Xiphias gladius.

peixe jato. Etmopterus spinax.

peixe martillo. Sphyrna zygaena.

peixe roda. Mola mola.

peixe sapo. Lophius piscatorius.

peixe volador. Cypsilurus heterurus.

pelexo. v. *criadeiro de raia.*

perrilla. Cría de *cabala.*

pescada. Merluccius merluccius.

pescadilla. Pescada mediana.

pinto. Crenilagrus exoletus. // Labrus ossifagus.

pión. Atherina presbyter.

pión de Baldaio. Ammodytes lancea.

pirlo. V. maceirento.

Vendedor de peixe. *Mariñana*, 03/02/1925

pombo. Myliobatis aquila.

raia. Raia sp. sp.

raia bicuda. Clase de *raia.*

raia elétrica. v. *ortija.*

raia santiajesa. Raia clavata.

raión. Raia oxyrhynchus,

rape. v. *peixe sapo.*

rebaliza. v. *lubiza pequena.*

rebalo. v. *lubiza.*

reo. Salmo trutta trutta.

rincha. Cría da *cabala.*

robaliza. Lubiza pequena.

robalo. v. *lubiza.*

rodaballo. Rhombus marximus.

roxa. Scylliorhinus stellaris.

sable. Trichiurus lepturus.

saboja. Sarpa salpa.

sadía. Pleuronectiforme parecido ó linguado.

salmón. Salmo salar.

salmonete. v. *barbo.*

sanmartín. Zeus faber.

sanmartiño. V. *sanmartín.*

sardiña. Sardina pilchardus.

sarja. Sarjo grande.

sarjeta. Sarjo pequeño.

sarjo. Diplodus sargus.

serrano. Paracentropristis cabrilla.

serro. Aleta dorsal dos peixes.

serrón. v. *serro.*

simón. Peixe semellante á *meija* (Arnoglossus laterna?).

solla. Sollo grande.

sollo. Limanda limanda.

tapaconas. Zeigopterus punctatus.

tinja. Dasyatis pastinaca.

tordo. Microstomus kitt? // Symphodus pirca.

tornniqueta. Cría da cabala.

trancha. Clupea sprattus.

trancho. V. trancha.

troita. Salmo trutta.

vello. Labrus turdus. // Crenilabrus mediterraneus.

ventracha. Ventre do peixe.

verdel. (Peixe sen identificar. Din que non ten parentesco coa *cabala*).

xarda. v. *cabala.*

xuliana. Lophius budegassa.

xurela. Xurelo grande.

xurelo. Trachurus trachurus.

zamborca. Alosa alosa.

zarreta. v. *ferreta.*

zarretón. Ferreta grande que inda non chega a ser un *badexo.*

zurdo. Auxis thazard.

b) Invertebrados mariños

ajuamar. Rhizostoma pulmo.

ameixa. Ameixa en xeral.

ameixa do banco. Phacoides borealis.

ameixa femia. Tapes decussata.

ameixa macho. Clase de ameixa.

ameixa vella. Cyprina islandica.

anduriña. Chlamys opercularis.

araña do mare. Macropodia rostrata.

árbol de mar. Especie de coral.

aujamale. v. *ajuamar.*

aujamare. v. *ajuamar.*

aviñeira. Pecten jabobaeus. // Pecten maximus,

berberecho. Cardium edule.

boi de Francia. Cancer pagurus.

boio de Francia v. *boi de Francia.*

bolsa. Corpo do polbo.

borracha. Aplysia punctata.

botón. Ventosa do polbo.

broca. Teredo navalis.

bujina. Buccinum undatum. // Murex trunculos.

cadela. Ameixa de pouca calidade.

caíño. Ensis ensis.

camarón. Leander serratus.

camarón sarnoso. Crangon vulgaris.

cangrexo. Carcinus maenas. // Caranguexo en xeral.

caracol da Toxa. Clase de caracol mariño.

caracol de mare. Assiminea grayana.

carallote. Holotruria forskali.

casca. Cuncha de xiba.

centola. Maja squinado.

centolo. Macho da *centola.*

cijala. Scyllarides latus.

concha. Cuncha.

coral. Coral.

corniño. Cerithium vulgatum.

corno. Antena dos crustáceos.

cucaracha. v. *corniña.*

cuco. Balanus balanus. // Patella vulgaris.

chepa. Animal da familia das luras.

chipirón. Cría do *calamar.*

choco. Xiba pequena.

choquiño fojonero. Sepiola rondeleti.

choupa. V. *chepa.*

choupón. Chepa grande.

dique. Donax vittatus.

estrella do mar. Asterias rubens.

fel. Tinta da lura.

jamba. Parapenaeus longirostris.

jrilo. Hommarus vulgaris.

jrillo. v *jrilo.*

lanjosta. Palinurus vulgaris.

lanjostino. Nephrops norvegicus.

lapa. Patella vulgaris.

lapa francessa. Haliotis lamellosa.

lombrijante. v. *jrilo.*

lonjeirón. Ensis siliqua.

lula. Alloteutis subulata.

manjón. Pholas dactylus.

marolo. Cardium aculeatum.

marolo arrabiado. Cardium echinatum.

mexillón. Myilus edulis.

mincha. Trochus zizphinus. // Gibula umbilicata. // Littorina saxatilis.

mincha nejra. Littorina littorea.

mixillón. v. *mexillón.*

nácora. Cultellus pellucidus.

nécora. v. *nácora.*

orizo. Strongylocentrus drobachiensis.

ostra. Ostrea edulis.

paspás. Scyllarus arctus.

pateiro femia. v. *centola.*

pateiro macho. v. *centolo.*

patexo. Polybius henslowi.

peixe puliento. Gammarus locusta. // Talorchestia deshayesii.

percebe. Pollicipes cornucopia.

piña. Conxunto das ovas da *xiba.*

pota. Ommastrephe sagittatus.

pulja de mare. Talitrus saltator.

pulpo. Octopus vulgaris.

pulpo blanco. Eledone altrovandii.

pulpo cabezudo. v. *pulpo blanco.*

pulpo cejo. v. *estrella do mare.*

quisquilla. Camarón pequeño.

rabo de jalo. Gorgonia.

raio. Tentáculos dos cefalópodos.

saltaparapetos. v. *paspás.*

santiajiño. v. *paspás.*

senrada. Nereis diversicolor.

vaca mona. Carcinus maenas,

vieira. v. *aviñeira.*

xiba. Sepia officinalis.

zamburiña. Chlamys varia.

zanca. Pinza do caranguexo.

zapatela. Lutraria ellíptica.

c) Cetáceos

ballena. Eubalaena glacialis.

botiño. Phocaena phocaena.

cachalote. Physeter macrocephalus.

tauliña. Tursiops truncatus.

touliña. v. *tauliña.*

touliña de mansío. Delphinus delphis?

touliña. v. *tauliña.*

vaca do mar. Monachus monachus?

A PRAIA DE SADA: HISTORIA E REALIDADE ACTUAL

Rafael Carballeira

A poboación de Sada asentada nunha ampla chaira costeira desenvolveuse e creceu ligada ao mar, encadrándose nun marco paisaxístico que comprende o tramo litoral entre Ponta Fontán e Corbeiroa onde se asentan sendos castelos que custodian a entrada a vila mariñeira, tal e como ben describe o propio escudo do concello de Sada.

A situación de Sada no litoral, que historicamente constitúe un dos principais activos da economía galega (Carré-Aldao, 1936; Grandío-Dopico, 2005), posibilitou un grande desenvolvemento socioeconómico no último medio século pero, ao mesmo tempo, conlevou unha grande transformación paisaxística como resultado das mesmas actividades económicas: a creación de infraestruturas de tipo portuario e comercial, o propio crecemento urbanístico, e finalmente un modelo turístico centrado exclusivamente na praia.

Neste contexto a praia de Sada é o elemento principal asociado a imaxe da propia vila e o seu litoral, e xa dende antigo tal e como evocan as referencias literarias da vila de Sada nas obras da condesa Emilia Pardo Bazán, recoñecida baixo o sobrenome de "Areal"[1]):

> El seno arealense, inmenso, color de turquesa a tales horas, ondeaba imperceptiblemente, estremecido al retozo del aire. La playa se extendía lisa, rubia, polvillada de partículas brilladoras, cuadriculada a techos por la telaraña sombría de las redes puestas a secar, y festoneada al borde por maraña ligera de algas. A la parte de tierra la limitaba el parapeto granítico del muelle, conteniendo el apretado caserío, encaperuzado de cinabrio." (La Quimera, Cátedra, 1991); "La fábrica de salazón se asentaba al borde de la playa, la extensa playa orgullo de Areal, que rodean malecones de mampostería y sillería, formando un paseo frecuentado por marineros, chiquillería oliente a saín, y pescadoras con cestos de sardina en equilibrio sobre la cabeza. (Finafrol, Obras completas, VI., Fundación José Antonio de Castro, 1999).

Nome escollido pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo para designar a revista cultural *Areal* que ten como misión ofrecer aos cidadáns unha visión integradora da realidade



Figura 2. Fotografías aéreas comparativas do tramo litoral de Sada comprendido entre Ponta Corbeiroa e Fontán (baixamar) en 1945 e 2014 respectivamente[4].

Imaxes xeorreferenciadas co software de información xeográfica ArcGIS 9.0, comparadas na mesma escala espacial.

do concello de Sada[2], e dedicada aquí á comprensión do elemento que lle dá nome.

A esta mesma visión que nos ofrece Emilia Pardo Bazán sobre a praia e paisaxe de Sada podemos acceder a través da comparación da fotografía existente da vila de Sada en 1910, reproducida na figura 1, e obtida todavía no tempo de vida da escritora coa destacada a ausencia do edificio da Terraza. Tamén a fotografía aérea de 1945 (Fig. 2), de grande correspondencia coa imaxe de 1910, permite achegarnos dende perspectivas diferentes e completar a visión sobre o mesmo espazo en tempos diferentes, por tanto, corroborando as condicións de referencia da praia e o trazado natural do litoral previo á intervención antrópica algunha.

A fin de poder aglutinar a realidade múltiple da praia de Sada e súa transformación recente a partir das condicións de referencia realizáronse unha serie de traballos científicos e históricos neste senso. Os seus resultados permitirán ter unha mellor comprensión obxectiva da evolución da praia e a paisaxe de Sada. E incluso ter un criterio real e avaliar ás intervencións acaecidas e futuras sobre esta paisaxe, tanto na dimensión natural coma socioeconómica, pois é imposible a interpretación do medio natural actual sen integrar a dimensión humana (Margalef, 1997).

Aquí exporanse unha serie de conclusións parciais de interese xeral, e que serán completadas mediante a exposición dos resultados íntegros nunha serie de Cadernos de Estudos Locais da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

Neste senso, é salientable a información aportada pola recompilación de fotografías históricas e das series históricas de fotografía aérea que permiten seguir a evolución recente da praia de Sada (1910-2016).

Unha praia é un depósito sedimentario que presenta un equilibrio dinámico entre procesos erosivos e sedimentario nos que interactúan múltiples factores ambientais, pero sobre os que predominan fundamentalmente a acción das ondas e a corrente de deriva que xeran, neste caso en sentido de Ponta Fontán a Corbeiroa.

Ao realizar unha comparativa entre o litoral nas súas condicións de referencia e as actuais (Fig. 2), advírtese inmediatamente un importante retroceso da liña de costa debido a construción de infraestruturas e superficies de recheo entre o Fiunchedo e Ponta Fontán, relacionadas con actividades portuarias, comerciais e recreativas.

Na evolución das series históricas de fotografía aérea pódese observar como a paulatina perturbación antrópica nesta zona, augas arriba da deriva litoral, conleva un efecto de sombra augas abaixo que implica unha progresiva diminución da incidencia, altura das ondas e as correntes de deriva augas abaixo onde se localiza a praia de Sada.

Este efecto de sombra progresivamente acentuado no tempo conlevou unha menor enerxía de acción das ondas sobre o litoral, e resultou nunha maior progresión dos fangos cara o litoral, o que outorgou unha maior superficie de asentamento para as praderías de *Zostera* L. no intermareal da praia de Sada, e que tamén se atopan amplamente distribuídas nas zonas fangosas da ría de Betanzos

Tamén este efecto é consistente coa evolución do delta na desembocadura fluvial no que

Figura 1. Vista xeral da paisaxe litoral de Sada dende a Corbeiroa, tramo en marea baixa que comprende dende a praia de Sada ata a Ponta Fontán en 1910.[3]

se aprecia a evolución dunha morfoloxía en escudo, maioritariamente composta por areas, máis propia dunha costa dominada pola acción das ondas e a deriva litoral (1945, Fig. 2) a unha morfoloxía estuarina típica dunha costa dominada pola acción das mareas (2014, Fig. 2).

Por outra banda, puido cuantificarse e seguirse a superficie de praia na series históricas de fotografía aérea xeorreferenciadas, observando cambios de tendencia en función das perturbacións antrópicas. Na actualidade resulta nunha maior superficie de praia que a inicial. Isto, a pesar de non existir constancia directa, é posiblemente debido á intervención antrópica mediante procesos de rexeneración artificial da praia na marxe esquerda da desembocadura fluvial a comezos do século XX, pois non existe ningún proceso xeomorfolóxico baixo a interpretación establecida que permita de forma natural a acrección dun depósito de praia nesta zona.

A estabilidade desta posible praia artificial é compatible coa interpretación do efecto de sombra que impide durante todo o ano a incidencia das ondas e o retraballamento estacional do sedimento e o seu transporte horizontal na ría. Non obstante, a creación artificial de praias e o depósito de areas non afecta a que o intermareal siga dominado por fangos e os impactos urbanísticos teñan unha incidencia moi negativa sobre a paisaxe litoral de Sada, e súa vez no atractivo turístico da vila.

Agradecementos

Sra. María José Carnota, Concelleira de Urbanismo de Sada en 2010.

Prof. Ramón Blanco Chao, Departamento de Xeografía física da Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela.

Prof. Xosé Lois Otero Pérez, Departamento de Edafoloxía e Química agrícola, Universidade de Santiago de Compostela.

Dra. Ángela Alonso Millán, profesora xubilada da área de Estratigrafía do Departamento de Ciencias da Terra e Náutica, Universidade da Coruña.

Referencias bibliográficas

CARRÉ-ALDAO, E. 1936. *A Coruña*, Tomo I. In: Carreras y Candi F., Geografía general del Reino de Galicia. Imprenta Alberto Martín. Barcelona. pp. 235.

GRANDÍO-DOPICO, A. 2005. *Ordenación de los espacios litorales en Galicia.* Netbiblo, A Coruña. pp. 223.

MARGALEF, R. 1997. *Our biosphere.* Ecology Institute, Oldendorf. pp. 176.

1. Emilia Pardo Bazán e Sada, 04/2015. Xornal Mariñán. Asociación de Empresarios de Sada e As Mariñas (http://www.aesada.com/publico/contenidos/contenidos.pl?pagina=xornalmarin); Reproducido por Manuel Pérez Lorenzo, 31/05/2015. Blogue da Asociación Irmáns Suárez Picallo (http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo/ index.php?cod=136649).

2. Editorial da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo 2010. Areal, revista cultural de Sada, nº 1: p. 1.

3. Postal panorámica da paisaxe litoral de Sada en 1910, resultado dunha combinación fotográfica triple, e aportada polas familias Carballeira-Coego e Siso-Carballeira de Meirás.

4. Imaxe de fotografía aérea correspondente ao voo do 07/10/1945 (voo americano serie A) e ortofotografía de 2014 (PNOA). Obtidas na Dirección General del Instituto Geográfico Nacional, do Ministerio de Fomento (http://www.ign.es).

NOMES FORÁNEOS NA LITERATURA GALEGA [DE MURGUIA A GUERRA DA CAL] (I)

José-Mª Monterroso Devesa

Adiantando-nos ao centenário de Pondal (1917-2017)
e *in memoriam* Obdulia Membiela Rodríguez-Abente,
de quem, hai 50 anos, ouvimos, pola primeira volta,
saudosamente dito *A campana de Anllóns.*

"Mi madre, que era de aquella tierra en que ni se teme ni se miente, me dio con su sangre el eterno amor al país natal."
Manuel Murguía, *Los precursores.*

"Como en Irlanda, / Érguete e anda!"
Alfredo Brañas

INTRODUÇOM

Aquela frase do pequeno genial que Murguia foi, casa à perfeiçom cumha nossa velha ideia, nada original, de que, além e antes dos processos educativos, os genes transmitem tendências ou atitudes, ideia cada dia mais vigente, mas hoje sem os grossos traços racistas de épocas pretéritas.

Aplicada ao nosso meio, de sempre paramos mentes na condiçom binacional de muitos dos nossos homes e mulheres especialmente valiosos, val dizer: galegos com alguns genes foráneos, maiormente manifestados nalgum dos seus dous primeiros apelidos -o que já marca umha limitaçom-, pois que nom nos é dado, geralmente, aceder a mais... (o quarto de Castelao, por exemplo, é o italiano Gemme)[1]. Já temos comentado[2] como Galiza foi tamém país de imigrantes.

Nom imos aqui despregar, aclaremo-lo, gentes foráneas que figuram, com toda justiça, na Literatura galega (v.g. Lorca) -os *poetas alófonos* de Alonso Montero-, nem os literatos próprios que pertencem às letras espanholas, bem que alguns cultivassem temática galega (De la Sagra, Concepción Arenal, Vicetto, Aguirre, Valle, Linares-Rivas, Madariaga, Torrente)[3], embora vários deles possuam (Arenal Ponte, Vicetto Pérez...) ascendentes de galega estirpe. Tamém nom falaremos dos Gambino ou Lloréns (plásticos), dos Adalid ou Gaos (músicos), dos Aller ou Wonenburger (científicos), etc., etc.

Limitaremo-nos entom a uns quantos nomes do nosso parnaso que delatam nom galego algum dos seus dous primeiros apelidos, e trataremo-los por ordem cronológico do seu nascimento. Finalmente, verá-se que a informaçom é desigual para cada indivíduo: nom se tivo para todos a documentaçom desejável que futuros estudosos poderám, sem dúvida, conseguir e aportar.

I.MURGUIA E PONDAL

I.1.Manuel Antonio Martínez MURGUIA (1833-1923). Segundo temos estudado[4] contodo e ter declarado Murguia essa devoçom filial pola mai... é inexplicável o siléncio que ele guardou sobre a culta linhagem materna basca dos Murguia/ Murgia.

Com efeito, a mai de Murguia (Concepción Murguia Egaña, de Oiartzun-Gipuzkoa) era irmá de José Joaquín, filha de Domingo María

Pondal retratado por Cortés. *A.C.G.*, 10/1933

Páx. ant.: Manuel Murguía. *La Esfera*, 24/02/1923

(1762-1844) e sobrinha de Joaquín Tadeo Murgia Azkonobieta, todos três organistas e algum deles compositor: val a pena lembrar que, nos funerais de Rosalia (quando o polémico traslado dos seus restos de Íria Flávia a Sam Domingos de Bonaval, em Compostela, 1891) se cantou umha misa de réquiem dum avô (Domingo ou Joaquín?) de Murguia.

Desbotado o galego Martínez, o euskera Murgia (que equivaleria ao nosso Outeiro) alcançou imortalidade da mao do precursor e de seu filho, o pintor Ovidio Murguia.

I.2.Eduardo María GONZÁLEZ-PONDAL ABENTE (1835-1917). Quanto ao noso bardo, cumpre salientar que ambos os apelidos dele som de procedência foránea. O Abente é, até agora, de misteriosa natureza: nós aventuramo-lo saído do apelido francês Avent (advento)[5]: nom perdamos de vista -e repetiremo-lo mais adiante- que estas terras marítimas acolherom de sempre gentes estranhas arribadas por mar. Mas seu trisavô (vulgo: tataravô) Andrés de Abente Costoya -o antepassado mais recuado que pudemos ubicar, morto em Esto (hoje Cabana de Bergantinhos) e avizinhado ali tanto como na imediata Anlhons (hoje Ponte Ceso), onde foi sepulto- já era galego, como o denota o seu segundo apelido.

Esse Abente levarom-no de primeiro figuras como o curmao mugiám do bardo, Victorino Abente Lago (1846-1935), poeta no Paraguai tanto em espanhol como em galego, e seu irmao, o general de Sanidade Militar Ezequiel Abente Lago (1841-1923) -que dá nome ao ex-hospital militar corunhês-, ambos filhos de Leandro Abente Chans[6]... assi como o sobrinho deles, o poeta mugiám Gonzalo López Abente (1878-1963). (Por sua volta, a mai de Eduardo, Ángela Abente Chans e seu citado irmao Leandro eram filhos de Rosario Chans Mourelle, sobrinha do almirante cormelao Francisco Antonio Mourelle, 1750-1820).

Quanto a Pondal, asturiano é: o bisavô do poeta, Bernardo González Pondal[7], provinha de Lugo de Llanera (em cuja freguesía se acha como topónimo) e até o pai conservarom o patronímico González, que mesmo Eduardo chegou a utilizar nos seus comezos.

Outro Pondal lembrável foi o lagês Isidro Parga Pondal (1900-1986), eminente geólogo, neto de Isidro Pondal Abente, curmao este por mai do bardo, e primo dele em segundo grau por pai.

Menos mal para ele que a galego tam *racial* como o autor d'*Os Pinos* lle restarom -mália num terço e quarto lugar- os dous galeguíssimos apelidos, Frois e Chans, das avoas!

II.LAMAS, SALINAS, MARTELO, TETTAMANCY

II.1.Valentín Lamas CARVAJAL (1840-1906). Esse Carvajal materno era, na realidade, CARVAJALES. Cuja mai Manuela de Lugo era. O apelido, espanhol, poderia vir dum topónimo Carbajales em Samora. Nom seria raro, no entanto, que fosse umha castelhanizaçom de Carvalhais ou Carvalhás.

II.2.José María Carmen Galo SALINAS

Rodríguez (1852-1926). Disque Salinas é apelido navarro: entom será da Navarra castelhana, nom da que fala euskera e o reflicte assi na sua toponímia. Por outra banda, Salinas é topónimo de Astúrias e doutras regions espanholas.

II.3.Evaristo Martelo PAUMÁN DEL NERO (1853-1928). Este Paumán del Nero, composto dum provável Paumann alemám e um indiscutível italiano Del Nero, já o levava seu avô Juan Paumán del Nero, cuja mai era oriunda de Génova[1]: Nero=Negro.

A mai de Evaristo, Mª Dolores Paumán del Nero Zuazo, transmitiu-lhe, através desse Zuazo euskera, o título de (VI) marquês de Almeiras (herdado dos Zuazo Mondragón que, em tempos, habitarom o palácio corunhês, hoje inexistente, que se erguia na confluência das ruas Santo André e Torreiro: o filho de Evaristo, Ramón Martelo de la Maza -curmao de Pedro Barrié de la Maza-, VII marquês, habitou, pola sua parte, o outro palácio da corunhesa rua da Franxa que actualmente alberga a Escola de Dança da Deputaçom da Corunha).

II.4.Francisco Andrés TETTAMANCY GASTÓN (1854-1921). Se bem nom tivo grande obra em galego, foi home de destaque no movimento galeguista corunhês. Esse Tettamanzy (cuidamos ser Tetamanzi a sua correcta ortografia: houvo, no XVII milanês, um frade músico Francisco Tetamanzi) já foi Tettamanci na acta de baptismo do escritor. E herdou-no de seu bisavô italiano, outro Francisco Tettamanzi (sic), de Parès, na província de Como.

Quanto a Gastón, sua mai Gastón e Cristián era filha de navarro e francesa.

III.BRAÑAS, CARRÉ, LUGRIS, LABARTA, HERRERA, NORIEGA

III.1.Alfredo José Francisco Higinio Brañas MENÉNDEZ (1859-1900). Estoutro iniciador, com Murguia, e desde outras trincheiras ideológicas, do galeguismo político do XIX, está cantando, com esse Menéndez, o asturianismo materno (embora seu avô de mai já era galego), pois se hai um apelido astur típico esse é tal patronímico... que em galego-português dá Mendes/Méndez (Lembre-se, mesmo, ao corunhês circunstancial Menéndez Pidal).

Por Brañas era familiar dos Brañas Sánchez Boado, dos Brañas Fernández e dos Puente Brañas, todos da *intelligentsia* corunhesa.

III.2.Eugenio CARRÉ Aldao (1859-1932). O fundador, coa sua dona, da família literária dos Carré Alvarellos, levava, além do fidalgo materno, esse apelido de seu avô catalám de Calella (Barcelona: que Carvalho Calero fai de Girona, por ser esta a diócese que lhe corresponde a tal vila)... apelido que foi simplificaçom fonética de Carrer (caminho, rua).

III.3.Manuel Antonio LUGRIS Freire (1863 -1940). Vedeaí outro fundador de família destacada na política, na literatura, nas artes, na cultura em geral, da que ele foi o exemplo mais cabal. Aqui somente tratamos o aspecto onomatológico do home que levou esse apelido que, desde hai anos, vimos estimando estrangeiro...de longa radicaçom no país (ver depois o caso Pose).

Como no caso de Abente, é necesário salientar a sua condiçom de costeiro e concentrado nesse ponto da costa galega que é o concelho de Oleiros e as freguesias de Serantes e Maianca -o 88% dos que o portam habitam os concelhos de Oleiros, Ferrol e Corunha-[8]: de Serantes procedia o pai de dom Manuel. A última vez expuxemos a nossa hipótese nesta mesma publicaçom[2] e reiteramo-la aqui:

"Concentrado na marinha oleirense desde meiados do século XVII, reputamos británico [este apelido, tamém escrito daquela Logrís], por se parecer ao topónimo céltico Lough Rea, fazendo referência ao lago Rea ou Lago Gris irlandês que dá nome à cidade sita na sua ribeira" (Lough tem a sua correspondência no escocês Loch, e o engadido do "s" é fenómeno habitual nos nomes próprios, topónimos ou antropónimos).

Mas, a maiores, temos que confesar que o feitio físico de vários integrantes desta família (como dos Williman Lugrís uruguaianos) nos leva irremissivelmente a relacioná-los com aquelas corpudas gentes do Norte britano.

III.4.Enrique Cándido Esteban LABARTA Posse (1863-1925). Tangenciando o discutido apelido Pose/Posse, tam extendido pola Corunha atlântica -que se tem qualificado tamém de estrangeiro, quer sueco, quer alemám, quer francês, desde quando menos o século XVI entre nós- dediquemo-nos ao Labarta.

Este Labarta é tido por catalám[9], como variante de La Bartra, que designa umha Silva levantina, tamém como o francês Labarthe, co mesmo significado[5]... embora o avô

Labarta já era galego, da freguesia ourensana de Lebosende.

III.5.Francisca Basilia HERRERA Garrido (1869-1950). Fica demostrado por nós, através da documentaçom eclessiástica[3] como "em Sam Jorge da Corunha é baptizada Francisca Herrera Garrido, filha de Manuel (da mesma) e neta de Antonio Ferrera (sic), este de Sam Mateus, na Angra do Heroísmo (Açores).

"Com estes dados nom é difícil deduzir que esse Ferrera português fora, realmente, o tam comum Ferreira, a qual mudança pareceria feita no momento de inscrever aquele pai."

E entom, em rigor, nom caberia incluir Francisca, com tam castelhano como falso Herrera, nesta série de apelidados foráneos... nem tamém na versom Ferreira, tam portuguesa como galega.

III.6.Antonio Manuel Jesús María Fernández NORIEGA Varela (1869-1947). Outro apelido, como Pondal, de procedência astur, em cuja regiom se acha o topónimo originário... nom obstante ser já galego (e de Ferrol) seu avô Domingo Fernández Noriega. Aqui tamém se déu o abandono cedo do apelido patronímico Fernández[10].

NOTAS, BIBLIOGRAFIA E FONTES

1. Guasco di Celle, G.- *4 nomes italianos nas letras da Galiza*, rev. Agália nº 41, 1995.

2. Monterroso Devesa, J.M.- ,*Os apelidos de Sada* (2), rev. Areal nº 8, 2014.

3. Monterroso Devesa, J.M.- *Questaozinhas onomatológicas da Galiza*, Boletim AGLPG nº 7, 2014. Coa necessária aclaraçom, aí contida, de ser o Valle de Valle-Inclán simples espanholizaçom do Do Vale originário (sendo neste caso foráneo o asturiano Inclán, como tamém sendo galego espanholizado o De la Peña materno do genial vilanovês)... e Linares-Rivas ter sido antes um Liñares galego.

4. Monterroso Devesa, J.M.- *Do avoengo intelectual de Manuel Martínez Murguia*, rev. Agália nº 52, 1997.

5. Dauzat, A.- *Noms et prénoms de France*, 1980.

6. Valdés Hansen, F.- *El general de Sanidad Militar Ezequiel Abente y Lago*, Cuadernos de Estudios Gallegos nº 121, 2008.

7. Carballo Calero, R.- *Historia da Literatura galega contemporánea*, 2ª ed., 1975.

8. *Cartografía dos apelidos de Galicia*, página web. O filólogo galaico-argentino Higino Martins Esteves, na sua recente publicaçom, *Etimologias obscuras ou esconsas* (Padrom, 2015), valora positivamente esta hipótese.

9. Albaigès, J.M.- *El gran llibre dels cognoms cataláns*, 2005.

10. Freixeiro Mato, X.R.- *A cara oculta de Noriega Varela*, 1992.

APÊNDICE: ALGUMHAS CURIOSAS VINCULAÇONS PONDAL-ABENTE



UN LUGAR PARA MIRAR: A RÍA DO BURGO

Antonio Sandoval Rey

Como Juan Lembeye y Artaud é protagonista dun dos artigos desta revista, con motivo do bicentenario do seu nacemento en Ferrol, considerei moi oportuno aproveitar estas outras páxinas para celebrar algo que el soubo facer como ninguén: mirar.

Mirar de verdade non é doado. Nunca o foi. Abofé, xa case todos levamos no peto unas pequenas pantallas brillantes dende as que asomarnos a case todo o planeta, e que temos outras pantallas maiores conectadas a ordenadores con alta velocidade de descarga de información de internet; e tabletas dixitais; e unha ou varias televisións en casa, ademais de nas nosas cafeterías habituais, non poucas salas de espera e incluso algúns autobuses. Etcétera.

Cada vez máis xente miramos pantallas. Mais acotío iso non é exactamente "mirar". Explícome: é como se "ler" un foro de What's App fose igual que "ler" unha novela, por exemplo "O bosque animado". Son dúas cousas totalmente diferentes. A segunda, claro está, é LER con maiúsculas.

Tanto a MIRAR (iso, con maiúsculas!), como a LER, ou a ESCOITAR MÚSICA, ou a CONVERSAR con graza e complexidade, etcétera, apréndese ao ir atopando cada vez maior enriquecemento persoal nesa actividade. E tamén a base de empeño, claro. É dicir, de entusiasmo e de curiosidade. Ou o que é o mesmo, de ganas de vivir. De VIVIR.

Así, cando en troques de ver unha película nunha pantalla o que fas é VER esa mesma película, descóbreste prestando a atención a detalles nos que ata entón non repararas. Se a película é realmente boa, daquela eses detalles convértense en retos á túa intelixencia e á túa percepción estética. Convídante a pensar, a vibrar, a ter as túas propias opinións e sensacións e logo compartilas ou opoñelas á de outras persoas que tamén a teñan VISTO.

O mesmo sucede se o que VES ou MIRAS é a túa contorna, claro. Tanto se é a túa contorna familiar ou laboral como a urbana ou a natural.

Juan Lembeye aprendeu dende pequeno a MIRAR sobre todo a súa contorna natural. E desenvolveu unha predilección moi particular polas aves. Tanto foi así que, durante a súa estadía na Cuba de mediados do século XIX, describiu por primeira vez para a ciencia dúas especies de paxaros nas que ata daquela ninguén prestara a suficiente ATENCIÓN.

Na marxe oeste da ría do Burgo, o Concello de Culleredo mantén un fermoso xardín botánico por cuxas sendas gustamos de pasear cada vez máis persoas. Pola súa entrada enreixada accédese a un camiño ancho e breve que conduce ata a "Aula da Natureza Juan Lembeye", así chamada en lembranza de Juan, quen foi en dúas ocasións alcalde dese municipio. É este un espazo no que con frecuencia se desenvolven todo tipo de actividades culturais, arroupadas pola frescura e a sombra de árbores de moitas especies.

Algo máis alá, o xardín asoma á ría. O paseo marítimo que discorre por esa beira é un dos mellores lugares de Galicia para mirar aves. Para MIRALAS do mesmo xeito que o facía Lembeye.

Os meses máis fríos son os mellores para acudir a observalas, pois nese entón concéntranse alí milleiros delas, que converten ese estuario no seu fogar invernal. Píldoras cincentas oriúndas de Siberia, virapedras que veñen do Canadá, pilros, mazaricos, garzas, gaivotas de varias especies, corvos mariños, cullereiros, picapeixes, biluricos... O mellor de todo é que, pese a ser criaturas salvaxes, neste recuncho admiten unha proximidade inaudita en case calquera outra zona húmida. Débese isto a que se senten seguras. Ninguén salta o valo do paseo para darlles un susto.

A Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo sinalizou hai ano e medio unha ruta ornitolóxica para axudar a gozar mellor das súas cores, voces ou costumes. E tanto o Concello de Culleredo como outras entidades públicas e privadas organizan cada ano visitas

guiadas para a cidadanía. Eu tiven a sorte de participar en case todas estas iniciativas, e así de compartir con quen me acompañaron non só a fermosura destes animais, senón o aglaio que provoca o coñecer a dimensión das viaxes que chegan a facer, ou a súa capacidade de navegación, ou os seus ás veces moi divertidos hábitos sociais unha vez aquí.

En lugares como a ría de O Burgo MÍRASE doutro xeito. Con só prestar un pouco de atención, o que ao comezo semellaba pouco máis que un sitio con sona de contaminado e utilizado por algunhas gaivotas revélase paseniño como un extraordinario e libre museo de aves acuáticas; conectado ademais, a través delas, con algunhas das rexións máis remotas do planeta. Xorden entón reflexións do máis estimulantes sobre a vida natural, a súa beleza, o seu misterio, o noso lugar nas súas redes ecolóxicas, e a necesidade de preservalas. Tamén sensacións e emocións desas que había moito que non cultivabas. Rematas por desexar volver con frecuencia. Por querer saber máis acerca de todo aquilo. Por MIRAR máis. Son cada vez máis as persoas que o facemos, en ocasións a través de prismáticos ou telescopios; outras a través de visores de cámaras.

Acaso o que máis nos une ás aves e a nosoutros os humanos é a nosa capacidade de mirar. De coñecer e interpretar o mundo cos ollos. Elas e nós somos seres visuais, ademais de musicais.

Non sabemos aínda se as aves o fan ou non, mais nós témonos por capaces de MIRAR o futuro. De construílo primeiro coa imaxinación, e despois coas nosas diferentes destrezas. Para iso servímonos moito do pasado. É dicir, do que a nosa experiencia como especie nos ensinou. Con ese obxecto prestamos atención á nosa Historia, e nela a figuras como Juan Lembeye. Évos moito o que aprendemos das súas traxectorias e a súa disposición para o ben común.

Juan Lembeye estudaba un entorno natural moi diferente ao noso, a pesar das poucas xeracións que nos separan da súa. No seu tempo non existían os graves problemas medioambientais que afronta a humanidade de hoxe, e deberá encarar a de mañá. Sen ir máis lonxe, a propia ría de O Burgo e a súa contorna acollían daquela unha biodiversidade da que hogano só queda unha sombra palidísima. Hai menos dun século, instalouse alí unha empresa contaminante que arruinou durante décadas aqueles tesouros.

Algúns son hoxe irrecuperables. Outros, coa desaparición desa fonte tóxica, retornaron a onde desapareceran. É o que ocorreu, por exemplo, coas aves. Incluso coas lontras. A súa presenza en O Burgo é un capítulo da historia deste lugar que debemos ler co meirande interese. Fálanos da resiliencia da natureza, da súa capacidade para superar transos medioambientais tremendos cando se lle permite. Ese capítulo pode axudarnos a MIRAR o futuro doutra maneira.

Desexamos un futuro no que a natureza nos envolva co seu sustento, o seu abrigo e a súa maxia, ou un no que canto nos arrodee sexa só a tecnoloxía e o virtual, se é que semellante cousa é posible?

Para decidilo, como sociedade, e de xeito cabal e prudente, debemos saber o que nos xogamos e como xogalo. Coñecer o que podemos gañar e perder segundo polo que optemos. Moita desta información está nas pantallas, esa outra maxia extraordinaria con unha capacidade abraiante para cambiar tantas cousas se aprendemos a utilizala ben. A MIRALA ben.

Tamén na natureza, cómo non. Por exemplo, nas aves. Cando Juan Lembeye as MIRABA, moi poucas persoas o facían. Hoxe somos cada vez máis. Millóns en todo o planeta. Se che apetece probar qué se pensa e sinte ao OBSERVAR aves, aí está O Burgo. Moitas rexións do mundo soñan con un lugar así para o seu futuro.

O ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS EN INTERNET

José Mª Veiga Ferreira

O 18 de maio de 2016 presentouse a nova páxina web do Arquivo Municipal de Betanzos (<http://archivomunicipal.betanzos.net>), incluída dentro da web do concello. A creación desta páxina é un paso máis na apertura das institucións culturais municipais cara ós cidadáns, que poden deste xeito investigar, curiosear... é dicir, disfrutar dos fondos dunha maneira máis directa e máis cómoda. Mesmo poden facerse teses doutorais sen saír da casa.

Hai anos que desde o Centro Cultural Santo Domingo se vén apostando pola apertura da información vía Internet, que se foi realizando gradualmente coas seguintes páxinas:

-<http://anuariobrigantino.betanzos.net>, presentada o 23-05-2008, na que se poden consultar tódolos traballos publicados na revista de investigación *Anuario Brigantino*, editada polo concello de Betanzos desde 1948 ata hoxe. No seu momento foi das primeiras revistas deste tipo en Galicia abertas completamente en Internet.

-<http://hemeroteca.betanzos.net> ou "Hemeroteca virtual de Betanzos", presentada o 26-05-2010, onde están dixitalizadas as publicacións periódicas publicadas en Betanzos ó longo do tempo, así como os traballos de investigación a elas referidos. É unha masa de información enorme, cun buscador (como tamén no Arquivo e no *Anuario Brigantino*) que facilita a súa consulta.

-<http://anuariobrigantino.betanzos.net/Biblioteca.htm> ou "Biblioteca Virtual de Betanzos", onde aparecen unha parte importante dos libros publicados sobre Betanzos, pero tamén libros que non sendo de temática betanceira están escritos por betanceiros. A súa importancia é grande, porque moitas destas obras eran case inencontrables e aquí non soamente se poden ver, senón que se poden baixar libremente como pasa con tódolos contidos destas webs.

Hai que dicir que todas estas webs están pensadas e realizadas por Alfredo Erias, director do Arquivo, da Biblioteca, do Anuario Brigantino e do Museo das Mariñas, ó que acompañamos con traballos de dixitalización e demais, Ermita Rodríguez e quen subscribe. Precisamente agora estamos a traballar na ampliación da web do Arquivo, especialmente no que se refire ó chamado Fondo Alvajar, que contén unha documentación moi importante do Goberno Republicano Español no Exilio e da Delegación do "Consello de Galiza" para Europa en París, entre outros fondos: en marzo de 2017 temos previsto que todo isto vexa a luz dentro do habitual ciclo de conferencias do *Anuario Brigantino*.

A apertura da páxina web do arquivo representou para o persoal do centro algo moi especial que culminou (aínda que sexa soamente o primeiro paso) unha labor de máis de trinta anos e para a nosa sorpresa supón o primeiro arquivo municipal de Galicia que se abre da maneira máis ampla posible en Internet.

Pasou tempo desde aquel frío mércores once de xaneiro de 1809 cando as tropas francesas desfixeron o Arquivo da provincia de Betanzos usando os seus fondos como se fosen palla para as cortes dos cabalos e mesmo para alimentar as fogueiras dos soldados.

172 anos despois, aqueles papeis vellos seguían penando nun local do ruinoso edificio das antigas escolas de San Francisco, cheo de goteiras e de animais varios, co piso e o tellado caéndose. Uns podreceron ou foron comidos polos roedores, e outros foron esquilmados por diferentes particulares.


Año de 1811.

Legajos Numero 16 delos Papeles Viejos que quedaron del Antiguo Archivo desta Ciudad, Desmuebs enel Año de 1809 por la Embasión delas Enemigas Tropas Francesas.

(Coa páx. anterior) Documentos do Arquivo Municipal de Betanzos. Legaxo que contén documentos rescatados logo do paso das tropas de Napoleón, que os empregaran como palla para as cortes dos cabalos; e cabeceira do semanario El Censor, que inaugurou a prensa betanceira.

http://archivomunicipal.betanzos.net/

AÑO I. LÚNES 5 DE NOVIEMBRE DE 1883. NÚM. 2

EL CENSOR

PERIÓDICO SEMANAL DE INTERESES MATERIALES, NOTICIAS Y ANUNCIOS

DIRECTOR: D. ROQUE PONTE PEÑA

PUNTOS DE SUSCRICION

En Betanzos, en la administracion de este periódico.—Fuera, en casa de los corresponsales.

REDACCION Y ADMINISTRACION calle de los Plateros, 19

SE PUBLICA LOS LUNES

PRECIOS DE SUSCRICION

En Betanzos, un mes 40 cts. de peseta. Fuera, trimestre 2'50.—Ultramar 5 id.

ANUNCIOS Y COMUNICADOS á precios convencionales

Foi naquel momento da recén estrenada democracia, no ano 1981, cando se pensou na contratación (e logo creación da praza) dun arquiveiro-bibliotecario, cargo que ocupou Alfredo Erias. A partir deste momento realízanse as primeiras labores de salvamento da documentación, trasladándoa para o único local axeitado naquel momento: o cárcere.

Alí leváronse a cabo unha boa parte das tarefas de clasificación e ordenación das series documentais, coa realización dun primeiro cadro de clasificación e inventario. Desde este primeiro momento xa o Arquivo foi accesible á sociedade, cousa que se realizou a través da consulta directa ou por medio de mostras documentais.

No 1991 foron trasladados estes fondos, que xa podían chamarse "Arquivo", o local que ocupa actualmente, no que fora convento de Santo Domingo, onde se seguiu traballando na organización, coa elaboración de índices e bases de datos, para que a recuperación da información fose o máis doada posible.

O contido da páxina está estructurada en tres partes, atendendo á procedencia dos documentos:

-Arquivo Municipal.

-Fondos Particulares.

-Entidades.

Ademais de ofrecer enlaces coas páxinas da Hemeroteca, Biblioteca Virtual e Anuario Brigantino, contén un apartado sobre traballos que foron publicados, relativos ó Arquivo Municipal, e unha Fotogalería, onde se poden ver fotos históricas de diversos temas como: Vistas da Cidade (tanto xerais como por barrios, rúas, ribeiras), O Pasatempo, Banda Municipal de Música, Os Caneiros, Feiras e Mercados, Festas, O Globo, Política, ou mesmo os avatares do propio Arquivo Municipal. Obviamente, esta Fotogalería seguirá medrando.

Polo que respecta ó Arquivo Municipal propiamente dito, engloba a documentación emanada do propio concello ou correximento, e aparece clasificada en dezaseis seccións documentais, cada unha delas coas súas subseccións e series correspondentes, cos seus anos límite e número de unidades de instalación. Isto xa dá unha información importante, pero ademais na sección Goberno poden consultarse e baixarse tódalas actas capitulares desde 1549 a 1900, así como ordenanzas municipais desde 1591 a 1770. Na Poboación podemos ver os padróns de habitantes desde 1839 a 1889.

Os fondos particulares son aínda un gran campo de traballo, que iremos abrindo en Internet pouco a pouco. Fondos como o de Alvajar, o de Vales Villamarín ou o de F. J. Martínez Santiso, teñen moita importancia.

Dentro do apartado de arquivos de Entidades non municipais temos: o Hospital de San Antonio, a Xunta de Subsidios, Defensa e Armamento, o "Liceo Recreativo de Artesanos", o "Patronato Benéfico Docente García Hermanos", a "Sociedad de Socorros Mutuos", a Cociña Económica, a Irmandade da Fala de Betanzos, a "Sociedad de Seguros Mutuos de Ganado Vacuno", o "Consejo Local del Movimiento", o Centro Betanzos de Buenos Aires, o Brigantium C.F., a "Cooperativa de Productores de Lúpulo", a Rondalla "Carlos Seijo"... E xa se poden consultar completamente tódolos documentos do arquivo da Irmandade da Fala de Betanzos.

A páxina é un primeiro paso dun traballo inxente que se irá realizando nos anos vindeiros coa incorporación de novos documentos, abertos para todo o mundo, aproveitando a marabilla de Internet.

Non sería xusto rematar sen aludir ás axudas recibidas para a dixitalización por parte da Consellería de Cultura e do Consello da Cultura Galega e tamén hai que subliñar a determinación das distintas corporacións de Betanzos desde 1981, apoiando o escuro, pero fundamental, traballo do Arquivo.

JUAN LEMBEYE E LARTAUD

Carlos Pereira Martínez

Antecedentes familiares

Os Lembeye procedían da localidade francesa de Maslacq. O avó paterno de Juan Lembeye Lartaud foi Juan Lembeye Casaux, francés, veciño da Graña. Casaría con Manuela Pico Rodríguez, tendo a parella por fillos, -todos nacidos en Ferrol- a Vicente (1768, pai de Juan Lembeye Lartaud), Joaquín (1765, padriño de bautismo de Lembeye), Juan (1766), José e María Josefa, que casaría con Manuel José Ciaran Chorroco en 1799.

Por parte da súa nai, o primeiro Lartaud asentado na Coruña foi Juan Bautista Lartaud, cuxa familia era de Gatón, na xurisdición de Barbuen (Francia). Juan Bautista casou en Culleredo o 2-2-1788 con Manuela de Veira Rey Villardefrancos, filla dos cullerdenses Simón de Veira e Ana Rey Villardefrancos. Un irmán de Ana, Antonio, era en 1766 Intendente de Soria. Pola súa parte María de Veira, a esposa de Juan Bautista, tiña dous irmáns: Francisco e María Teresa Antonia de la Concepción, que casaría en Rutis con Francisco Segade Pose. Por este este matrimonio sairán, co tempo, Pilar Terreros Segade (nai dos Millán Astray Terreros) e Federico Tapia Segade.

Juan Lembeye Casaux, xa comerciante notable, asentado en Ferrol dende 1762, onde sería síndico do Concello, comisionado de abastecemento dos Reais Arsenais e director da Real Compañía Marítima, asociaríase, o 12-9-1791, con Santiago Beaujardin, que obtivera en 1785 diversas licencias para a construción dunha fábrica de fariñas nas Aceas do Ponto (Narón), así como almacén, casa, horta e outros edificios necesarios. En 1796 disolven a sociedade, quedando Lembeye como único propietario. Pero unha fonda crise, provocada porque saía máis barato traer ao porto de Ferrol as sacas de fariña xa elaborada dende outros portos do norte de España que moelas en Ferrol, as aceas foron abandonadas. Juan Lembeye morre en 1823, empeñado e cos muíños hipotecados. Primeiro pasaron a mans de Juan Preyarte, e deste ás de María Josefa Lembeye –filla de Juan- e o seu esposo Manuel José Ciaran. Os seus herdeiros venderanos en 1860.

Debido ás malas relacións da coroa española coa Francia revolucionaria, tanto Beaujardin como Lembeye sufriron, a partir de 1793, a inquina do alcalde maior de Ferrol, Antonio Francisco Freire. As aceas e almacéns que posuían a medias en Xuvia estaban valorados en más de 400.000 reais; tiñan, ademais, outros bens e negocios. Freire expulsounos de Ferrol e embargóulles os muíños. Eles protestaron ao alcalde esa medida, alegando estaren tramitando un recurso de amparo ante o Consejo de Castilla, sen éxito. Pero, tempo despois, o Consejo deulles a razón. Nalgunha das alegacións Lembeye afirmaba que fora director nato da

Compañía Marítima –da que posuía 50 accións de 1.000 reais de vellón- "con facultad de concurrir a la corte principalmente a las Juntas Generales" da entidade e que non xurara fidelidade ao monarca porque pensaba que xa estaba naturalizado ao detentar tal cargo. En efecto, noticias de 1793 mencionan este vínculo coa Compañía Marítima: "D. Juan Lembeye, del comercio del Ferrol, las utilidades que le toquen como accionista de la Compañía marítima, y 60 rs.".

Do matrimonio do seu fillo Vicente con Juana Lartaud Rey (que falecería en Culleredo o 16-9-1882), celebrado na Coruña en 1815, e do que foi único padriño de voda o seu irmán Juan, naceron tres fillos: Juan (nacido en Ferrol o 21-10-1816 e morto en Culleredo o 1-12-1889); Benito (nacido na Coruña en 1818 e morto en Culleredo o 18-2-1912), e Laureano (nacido en Ferrol en 1817 e morto en Culleredo o 20-7-1896).

Benito sería militar, retirándose como tenente de navío. Foi un dos membros da comisión promotora fundacional da "Sociedad Recretativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña. Casaría con Emilia Domínguez Jimeno. Pola súa parte, Laureano tamén formaría parte da milicia. Cando se retirou era coronel de Infantería. Republicano, vémolo contribuíndo, con cantidades importantes, en dúas colectas a favor dor orfos e viúvas de patriotas republicanos (1887 e 1889). Casaría en Culleredo con Micaela Belorado e Pita, dunha familia liberal coruñesa que mercara o pazo de Culleredo.

Vicente Lembeye fora membro en 1814 da loxa masónica coruñesa "Logia Constitucional de la Reunión Española", co grado 18 e cargo de 1º vixiante. Como profesión, figura a de "negociante". Fora capitán de Milicias urbanas de Ferrol. Tamén formaba parte dela o seu irmán Joaquín, grado 3º. Será un dos procesados da chamada "causa de Porlier", rematada en febreiro de 1819, sendo as acusacións contra el sobreseídas.

Tamén será o empresario do "Teatro Principal" de Ferrol, que comezou a edificarse o 13-11-1817. E en 1821, en recurso apoiado polo xefe político de Galicia, e co motivo dos seus sacrificios en apoio ao réxime constitucional, solicitará ás Cortes que se lle adxudique unha fina nacional por importe de 1029 reais, que fora o que gastara, ou se lle confiase un destino en rendas ou correos. A Comisión de Facenda destas ditamina que a nación non estaba en situación de conceder fincas, pero que o recomendarían ao Goberno respecto á outra petición.

Marcha a Cuba

Quizais polos problemas económicos familiares que antes mencionamos, Juan Lembeye Lartaud emigra a Cuba, antes de 1840. Na Habana monta unha Academia de Comercio, asóciase ao Ateneo, estuda a fauna da illa e relaciónase cos naturalistas e intelectuais alí residentes, como Felipe Poey ou Juan Gundlach.

A súa obra máis salientable é o libro *Aves de la Isla de Cuba*, dedicada á súa nai, publicada en 1850 en La Habana, Imprenta del Tiempo. Nela fai a descrición de numerosas especies de aves, das que catro eran recollidas por primeira vez na literatura científica. Leva 20 gravados da Litografía de Marquier, sendo catro deles -os das especies descritas por primeira vez- to-



Debuxos que ilustran o libro de Lembeye *Aves de la Isla de Cuba*

talmente orixinais. Deste libro publicouse unha edición facsímile en Alemania (Berlin: W. Junk Libraire-éditeur, 1902) e outra en Galicia, facsímile, en Santiago, 1995, publicada pola Xunta de Galicia, con estudo introdutorio de Francisco Díaz-Fierros.

Lembeye descubriu o ruiseñor cubano (*Muscicapa Elisabeth. Lemb*), e describiu por primeira vez outras aves como o *Vireo Gundlachii. Lemb* (petibobo) ou o *Anabates Ferdinandae. Lemb* (chillina). O seu apelido déuselle ao paxaro "sinsontillo" (*Polioptila lembeyei. Gund*). Juan Cristóbal Gundlach cedeulle o honor de publicar no seu libro a primeira descrición do paxaro mosca (*Mellisuga helenae*). Poey tamén honrouno coa súa *Helicina Lembeyana. Poey.*

Tense afirmado que a obra ornitolóxica de Lembeye non foi moi valorada no seu tempo, sendo cualificada, por exemplo, de "más agradable que útil", ou de ser entretida pero con pouco valor científico. Pero tanto Gundlach como Poey tíñana en estima: aínda que tiña erros –coma tiñan outras– era unha obra moi digna e de vocación didáctica. Temos atopado diversos libros e artigos, publicados tanto en Cuba coma en España, que destacan o papel de Lembeye como un dos pioneiros da ornitoloxía na illa.

Durante a súa estadía en Cuba, entre 1855-1856 Lembeye manterá algunha correspondencia con Víctor López Seoane. Por ela, entre outras cousas, sabemos que tivera relación coa Universidade de Oviedo, co motivo dunha colección ornitolóxica, sen que esta nin sequera lle acusase recibo da mesma. Efectivamente, en 1853 iniciárase na Habana unha subscrición, entre a colonia asturiana, para formar un gabinete de Historia natural na Universidade de Oviedo. O importe da subscrición empregárase para formar unha colección, o máis completa posible, das aves cubanas, que se instalou en 11 grandes caixas, con tapa de vidro. O catálogo da colección está asinado na Habana, o 27-1-1857, por Juan Lembeye, que fora o encargado de formar a colección.

Lembeye estivo un tempo desanimado aínda que logo retomou o interese pola historia natural, dedicándose ás bolboretas, especialmente na súa fase de eiruga. Envía a Víctor diversos insectos, e este correspóndelle con outros envíos. Di que só se pode dedicar ao estudo o único día que tiña libre, os xoves.

Este aspecto do traballo investigador de Lembeye é practicamente descoñecido. Pero temos atopado 15 artigos publicados por el tratando destes insectos, primeiro na revista *Floresta cubana* (1855-1856), da que era redactor, onde publica nove artigos, e na súa continuadora, *La Piragua* (1856), onde publica outros seis. Precisamente esta revista, cando anuncia a conclusión da serie de artigos sobre bolboretas de Lembeye, lembra

> … lo bien acogidos que son los trabajos del Sr. Lembeye, es bastante sabido para que nosotros tratemos de repetirlo; pero ha engalanado con sus escritos, de tal modo, las pajinas de estas publicaciones, que no podemos menos sino es mostrarle nuestro agradecimiento. Es tan florido el lenguaje del Sr. Lembeye, vierten tanta poesía sus bellísimas descripciones que no cansan jamas, á pesar de la aridez de la materia… [...] La Aurora de Matanzas, no hace mucho, suplicaba al Sr. Lembeye que se estendiera mas en sus artículos, porque tiene muchos admiradores que lo desean: nosotros concluimos suplicando al Sr. Lembeye que aunque tenga que ser lacónico por sus muchas ocupaciones, vuelva á favorecer las pajinas de La Piragua.

Regreso a Galicia. Culleredo.

Antes de 1863 regresa a Galiza, establecéndose en Culleredo. Trae con el unha colección de himenópteros e textos manuscritos dos seus traballos entomolóxicos. Como xa dimos a coñecer hai bastante tempo, ese mesmo ano resulta elexido concelleiro en Culleredo e uns anos despois, coa revolución do Sexenio, será alcalde de Culleredo entre 1868 e 1871.

Na *Revista Económica* (nº 62, 30-5-1863), menciónase que Lembeye está a experimentar nas súas explotacións de Culleredo unha muxidora mecánica traída de Inglaterra por Pardo Bazán. Comeza, nesta etapa, a dedicarse ao mundo da agronomía, estudando as doenzas do trigo, os novos abonos, as sulfatacións, etc. Froito destas investigacións son dúas obras: *Consideraciones y consejos agrícolas para mejorar las cosechas de trigo en Galicia y perfeccionar los abonos*, publicado na Coruña, na Tipografía de Eusebio Cascante, rúa Luchana, 19, en 1873 (tería unha 2ª edición en Santiago, Imprenta do Seminario Conciliar, 1885), e *La caries, inoculación esporádica de los trigos y medio de evitarla*, publicada en 1876 na Coruña, na Tipografía de Eusebio Cascante, na que recomenda utilizar o "sulfatage".

Xunto co seu irmán Laureano, participa nunha Exposición Local celebrada na Coruña, na Sección de Agricultura, entre xullo e agosto de 1878. A reseña desta exposición encontrámola nunha serie publicada polo xornal ourensán *El Heraldo Gallego* nesas datas. Non podemos pormenorizar o que presentaron: salientaremos tan só que uns foron varios exemplares de rábano de Rusia, "Raiz forrajera ensayada por primera vez en Galicia", así como mostras de diversas clases de árbores, flores, hortalizas, froitas, unha "rama de tabaco Virginia cosechado en Culleredo, en el año anterior", a mandíbula superior e inferior dunha quenlla, un exemplar disecado de Accipiter ou un cabeiro e dous dentes de cabalo de mar, collido no río Senegal.

Un emigrante de Vilaboa en Bos Aires, Francisco Sandalio Fernández, publicará no pioneiro xornal galego publicado nesa cidade, *El Gallego*, en 1880, uns artigos baixo o título de "Recuerdos de Galicia". No número IV, ao referirse a Lembeye afirmaba:

> Las ideas políticas que profesa el Sr. Lembeye son puras y avanzadas en sentido liberal; su probidad es intachable, y está dotada de un criterio superior. A pesar que goza magnífica posicion social, verse sinceramente estimado de sus numerosos amigos por el trato afable que le distinge, y hallarse muy próximo á la capital, el Sr. Lembeye renuncia los atractivos que ésta le brinda, prefiriendo pasar las cuatro estaciones del año disfrutando de la tranquila vida del campo. La gran práctica y larga experiencia que tiene adquiridas en agricultura y horticultura, dánle hoy brillantísimos resultados, como lo prueban las producciones presentadas por él mismo en las Exposiciones regionales y locales, los cuales productos han causado admiración y asombro. Los habitantes de Culleredo tienen en dicho señor, más bien que un respetable convecino, un cariñoso padre, un excelente consegero y un gran profesor agrícola-horticultor, ó, mejor aún, un sábio naturalista. El ha dado á conocer con frecuencia por la prensa local, y en "La Gaceta Agrícola", los resultados de sus preciosos experimentos.

Busto de Lembeye no Xardín Botánico do Burgo (Culleredo).

Fotografía de Carlos Pereira

Foi un dos membros fundadores da Sociedad del Folclore Gallego, patrocinada por Emilia Pardo Bazán, fundada o 29-12-1883.

En 1889 volve a ser alcalde, pero unha grave doenza levaríao á morte, en decembro do mesmo ano. Está soterrado no cimiterio de Culleredo, no panteón familiar.

O 6-8-1932, por acordo da Corporación Municipal de Culleredo, déuselle o nome de "Alcalde Juan Lembeye" a un camiño veciñal en Rutis. Lembeye, que fora do Partido Liberal, é cualificado como

> ...consecuente demócrata, amante de la ciencia y del progreso, tan ilustre patricio, que aparte de su actuación ejemplar, ha servido de estímulo a nuestros labradores con sus enseñanzas en la agricultura para que rompiendo con la rutina en algunos casos y empleando en otros por primera vez los medios que él indicaba, pudo así constribuir de manera muy edificante al progreso de este término.

Xa na época democrática, o Concello de Culleredo dedicoulle unha praza na parroquia de Culleredo, incluíuno na súa publicación "Persoas ilustres de Culleredo" e púxolle seu nome á Aula de Natureza existente no Xardín Botánico da Ría do Burgo, erixindo nese xardín un busto coa súa efixie.

UN MATRIMONIO ENTRE MULLERES

Narciso de Gabriel

Traducción do texto en francés: Hernán Díaz

A Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo fíxome chegar un artigo publicado no xornal *Le Courrier de la Plata* –editado na capital arxentina– o 18 de xullo de 1904. Titúlase "Un mariage entre femmes", e trata sobre Elisa Sánchez Loriga e Marcela Gracia Ibeas, que en 1901 protagonizaron "Un matrimonio sen home", para utilizarmos o titular acuñado por *La Voz de Galicia* e reproducido por moitos outros medios. O texto foi localizado e trasladado ao castelán polo profesor e historiador arxentino Hernán Díaz.

Sobre esta historia publiquei en 2008 un libro titulado *Elisa e Marcela. Alén dos homes* (Vigo: NigraTrea), traducido ao castelán en 2010 (Barcelona: Libros del Silencio), polo que se me pedía un comentario acerca do artigo para as páxinas da revista *Areal*. E a iso imos.

Faremos, antes de máis nada, un breve resumo desta apaixonante historia, cuxa trama era "materia de abraio para o novelista, que apenas acertaría a idear enredo semellante", segundo advertía a escritora Emilia Pardo Bazán.

Elisa e Marcela coñecéronse a mediados da década de 1880 na Escola Normal feminina da Coruña, situada daquela na Praza de María Pita. Entre elas axiña xurdiu unha amizade que os pais de Elisa estimaron contraproducente, polo que fixeron o posible por afastalas. Non o conseguiron. Ao rematar os estudos de mestra superior, Marcela exerceu a profesión nos concellos de Coristanco, Vimianzo e Dumbría, e Elisa acompañouna case sempre, pois só traballou como mestra de forma esporádica. Formaban unha parella de feito.

Na primavera de 1901 decidiron transformar o feito en dereito. Para conseguilo, Elisa travestiuse, transformándose en Mario, e logrou convencer ao párroco coruñés de San Xurxo para que primeiro o bautizase como tal e logo o casase coa súa amiga, que, por certo, estaba embarazada. José Sellier deixou constancia da cerimonia matrimonial nunha fotografía que, aos poucos días, dará a volta ao mundo.No rexistro civil coruñés e no da citada parroquia consérvanse as actas civil e eclesiástica desta singular unión, que tivo lugar o 8 de xuño de 1901.

Ao se descubrir que Mario era en realidade Elisa, as dúas mulleres víronse obrigadas a fuxir, perseguidas como eran pola xustiza, a igrexa e os medios de comunicación. Os diarios devecían por coñecer os pormenores da súa historia e as revistas gráficas por publicar a súa fotografía.

Buscaron acubillo no Porto, onde atoparon traballo e viviron como marido e muller ata o 16 de agosto de 1901. Nesa data foron detidas pola policía portuguesa a petición das autoridades españolas e ingresaron do cárcere, do que saíron 13 días despois. A súa detención provocou un importante movemento de solidariedade, nomeadamente por parte das mulleres, e tamén da prensa, que fixo unha cobertura espectacular das "dúas españolas matrimoniadas". Elisa-Mario, que en Portugal se facía chamar Pepe, trocou as saias polos pantalóns o 21 de agosto.

España solicitara a extradición das nosas protagonistas, e Portugal aceptara entregalas logo de seren xulgadas e cumpriren, no seu caso, a pena que correspondese polos delitos que se lles imputaban en terras lusitanas. Finalmente foron absolvidas, polo que procedía a súa entrega. Unha vez máis, había que fuxir.

O novo destino foi Bos Aires, onde o 15 de xuño de 1902 desembarcou Elisa, chamada agora María, e algúns meses despois Marcela, convertida en Carmen, que ía acompañada da súa filla, nacida no Porto o día de Reis dese mesmo ano.

Na capital arxentina Elisa-María casou de novo o 30 de setembro de 1903. Agora facíao con Crhistian Jensen, un dinamarqués dono dun pequeno comercio. A diferenza de idade era notable: ela tiña 40 anos e el 64.

O matrimonio non foi feliz, e María mesmo se negaba a ter relacións sexuais co seu marido. Finalmente, Jensen, despois de facer as indagacións pertinentes, soubo que estaba casado con Elisa-Mario, principal protagonista do "matrimonio sen home", e denunciou a súa muller nun xulgado bonaerense en 1904. Na denuncia cuestionábase a condición feminina de María e solicitábase a nulidade do matrimonio.

Este é o contexto en que o 18 de xullo publica o artigo reproducido nestas páxinas o xornal da colectividade francesa de Río da Prata. Previamente ocupáranse do asunto durante dous días (16 e 17) *La Prensa*, cunha certa extensión, e *La Nación*, de forma máis breve, e *El Correo Español* e *El País* só durante un (17). Unha cobertura moi contida, se a comparamos coa pormenorizada que recibira a historia das dúas mulleres en España e Portugal. De feito, algúns xornais e revistas arxentinos dedican agora menos atención a Elisa e Marcela da que lles concederan en 1901, cando non estaban en condicións de producir información e debían limitarse a reproducir a procedente do outro lado do océano. Tal foi o caso de *El Correo Español*, *El Eco de Galicia* e a revista gráfica *Caras y Caretas*, que no seu día reproducira a fotografía realizada por Sellier e agora silencia o caso.

"Un mariage entre femmes" coincide, no fundamental, co publicado polo resto da prensa, mesmo nos erros, consistentes en situar a celebración do matrimonio nunha aldea da provincia da Coruña ou en describir a Marcela como ex-alumna de Elisa. Polo demais, o texto ten algunhas singularidades, das que cando menos dúas son merecedoras de seren subliñadas.

En primeiro lugar, e fundamentalmente, alúdese ao feminismo, pois algúns entendían, segundo podemos ler no artigo, que este matrimonio entre mulleres obedecía "a unha nova forma de feminismo". No meu libro, logo de contar a historia, examinar os procesos a que foron sometidas Marcela e Elisa e analizar a repercusión pública dos feitos, procurei interpretalos á luz de catro categorías: hermafroditismo (tal foi a explicación á que recorreu Elisa-Mario para xustificar a súa adopción dunha identidade masculina), travestismo, lesbianismo e feminismo. Mais as referencias das fontes á relación do "matrimonio sen home" co feminismo escasean, e a presente é unha das contadas excepcións. En todo caso, e na miña opinión, esta historia de amor foi posible debido á progresiva consecución dalgunhas das reivindicacións propias do movemento feminista,

Elisa e Marcela. Fotografía cedida por N. de Gabriel

como o acceso das mulleres ao sistema educativo e a un traballo remunerado. A autonomía mental e material que un e outro fornecen propiciaron sen dúbida a emerxencia e continuidade de relacións afectivas e sexuais entre mulleres.

En segundo lugar, e no tocante ao exame médico a que foi sometida Elisa para comprobar a súa condición feminina –a cargo de tres médicos e non dos dous inicialmente previstos–, cuestionada por Jensen, afírmase que o informe pericial forneceu precisións técnicas sobre a súa "constitución física" que "permiten comprender por que o matrimonio que contraeu con Jensen nunca puido ser consagrado". Referíanse esas precisións a algún trazo, por leve que fose, que puidese ser asimilado ao hermafroditismo? Tratábase dunha simple elucubración do responsable da noticia? De feito, segundo o mesmo xornalista recoñecía, os tres médicos concluíron que "María Sánchez é efectivamente unha muller", e permitíase recomendar

ao marido que "saiba perdoarlle o seu pequeno defecto físico. Ten unha idade onde iso non ten grande importancia para el." O resto da prensa non fixo referencia e ese suposto "defecto", e limitouse a recoller a decisión do xuíz: o matrimonio era válido por estar contraído entre un home e unha muller. O diario bonaerense *El País* mesmo engadía, facéndose eco da opinión dos doutores, que María estaba "en pleno goce do seu sexo" (17 de xullo de 1904).

Quedan, prezados lectores e lectoras, coa versión franco-riopratense da relación entre Elisa e Marcela, ás que o xornalista anónimo se refire como María e Consuelo (a esta última adxudícaselle o apelido García no canto do verdadeiro, que era Gracia). Ambas protagonizaron, para dicilo con palabras de Manuel Rivas, "unha das máis extraordinarias historias de amor de todos os tempos."

UN MATRIMONIO ENTRE MUJERES

Una vieja historia. Un matrimonio curioso. Para huir de la popularidad. En Argentina. Nuevo matrimonio. Examen médico. Para salvar a su amiga

Hace cuatro años, los diarios españoles relataban, con fuertes detalles, un matrimonio curioso celebrado en una aldea de los alrededores de A Coruña.

Se trataba de dos jóvenes mujeres, una Elisa Carmen María Sánchez, maestra en una escuela comunal, y la otra, ex alumna y amiga de la primera, Consuelo García, que habían abusado de la credulidad de un viejo cura de una pequeña parroquia y se habían unido por los lazos indisolubles del matrimonio.

Se habló mucho en esa época de esa unión extraña, se discutió sobre las razones que habían podido determinarla. Unos pretendían que se trataba de una nueva forma de feminismo, otros sostenían que María Sánchez era en realidad un hombre y que, abandonando las enaguas, había querido adoptar los pantalones y gozar de todas las prerrogativas que ello implica.

En suma, no se supo absolutamente nada con precisión y todo lo que se dijo no0 eran más que suposiciones.

Una popularidad molesta

El ruido que se hizo alrededor de este asunto era bastante molesto para las dos heroínas de este matrimonio, que resolvieron abandonar su pueblo y refugiarse en una comarca donde pudieran pasar desapercibidas. Se embarcaron entonces hacia la Argentina. Pero María Sánchez, renunciando a los pantalones que había enarbolado de una manera bastante pomposa, retomó sus vestimentas de mujer y su nombre femenino, pues para lograr que se celebre el matrimonio había transformado María en Mario.

En Buenos Aires, las dos amigas arribaron de incógnito, con una carta de recomendación para una familia donde encontraron durante algún tiempo casa y comida. Pero las exigencias de la vida las forzaron a separarse.

María Sánchez entró como doméstica al servicio del M.B. En cuanto a su "esposa", no sabemos qué hizo, al menos durante un tiempo.

En su nuevo empleo, María Sánchez conoció al señor Christian Jensen, que tenía un pequeño negocio cerca de la casa de M.B.

Nuevo casamiento

Se establecieron relaciones de amistad entre María Sánchez y Jensen, y un buen día, hace de esto siete meses, este último le propuso matrimonio a María. La propuesta era bastante tentadora. Jensen tenía un pequeño capital y en definitiva el arreglo no era muy desproporcionado en cuanto a la edad: el esposo tenía 69 años y la esposa 39.

María, olvidando su primera unión, aceptó entonces la propuesta de Jensen y se celebró el matrimonio.

Los nuevos cónyuges poco tiempo después abandonaron Buenos Aires y se instalaron en Banderaló, sobre el Ferrocarril del Oeste, donde Jensen tenía una propiedad.*

Pero pronto estallaron escenas violentas entre los dos esposos y Jensen le reprochaba continuamente a su mujer el rechazo que oponía a la consagración del matrimonio.

Consuelo reencontrada

Mientras tanto, sobrevino un momento de calma. Fue entonces cuando Consuelo García, teniendo con ella un niño, vino a reencontrar a su amiga, su esposo.

Consuelo fue presentada a Jensen como la hermana de María. Sorprendido al principio por descubrir una cuñada cuya existencia ignoraba, pronto se alegró pues esta diversión vino a suavizar el carácter bastante violento de su esposa. Pero enseguida la amistad estrecha que unía a las dos mujeres lo puso celoso. Reticencias continuas le inspiraron inquietud, y se preguntó si no conspiraban ambas contra él, si un misterio no vinculaba a las dos mujeres.

Quiso sacarse toda duda y un día vino a Buenos Aires para buscar información sobre María y sobre

Consuelo. Poco a poco, por aquí y por allá, supo la historia del matrimonio entre las dos mujeres.

Una demanda de nulidad de matrimonio

Entonces se le vino a la cabeza la idea de que, en razón del rechazo de parte de su mujer a cumplir sus deberes de esposa, podría ser que él hubiera desposado un hombre.

Fue a consultar a un abogado. Este último le aconsejó ir a ver a un juez de instrucción.

En consecuencia, Jensen vino a someter el caso al Dr. Gallegos y presentó una demanda de nulidad de matrimonio.

Después de haber estudiado la queja de Jensen, el Dr. Gallegos le encargó a los peritos médicos, doctores Drago y Hernández, practicar un examen médico a María Sánchez. Esta última, enviada a Buenos Aires, fue primero interrogada y aseguró que ella era absolutamente una mujer. Sostuvo que no se podía dar lugar a la demanda de nulidad de matrimonio presentada por su marido pues su primera unión con Consuelo García, al ser puramente religiosa, era absolutamente nula frente a la ley argentina y como mucho ese primer matrimonio habría recibido una sanción legal, y más nulo era cuando la ley no admitía el matrimonio de dos mujeres. Concluyó que sólo su alianza con Jensen era válida.

Ante las preguntas que le planteó el Dr. Gallegos sobre las razones que la habían llevado a casarse con Consuelo García, se negó a contestar.

Efectivamente, es una mujer

El examen que se le encargó a los doctores Drago y Hernández tuvo lugar antes de ayer en el departamento de policía. El informe de los peritos médicos concluyó que María Sánchez es efectivamente una mujer. Se proveyeron detalles técnicos, que explicaban la constitución física de María Sánchez. Permiten comprender por qué el matrimonio que ella contrajo con Jensen nunca pudo ser consagrado.

Las conclusiones del juez

Como consecuencia del informe, el doctor Gallegos concluyó que no había ninguna razón para anular el matrimonio, y la incompatibilidad de carácter que invocaba además el marido era insuficiente.

En cuanto al primer matrimonio, celebrado en España, si bien constituye un delito, sólo puede ser castigado en el país donde fue cometido. Los tribunales argentinos de ninguna manera pueden entonces intervenir, máxime que tampoco pueden considerar esa unión como legal.

Luego de esas conclusiones, María Sánchez, que había sido arrestada provisoriamente, fue puesta nuevamente en libertad y a Jensen se le rechazó la demanda.

Las revelaciones de María Sánchez. Toda una novela

Después de haber logrado esa victoria, María Sánchez se permitió hacer confidencias y contar la historia de su primer matrimonio, que hasta hoy había intrigado por su lado misterioso y su carácter bizarro.

Es toda una novela, que no está desprovista de una alegre poesía; es una historia de devoción que podría tentar a muchos escritores.

María Sánchez y Consuelo García eran dos amigas íntimas vinculadas desde hacía muchos años. En 1899 un hermano de María, que vivía en La Habana, volvió a España por algunos meses. Cuando visitó a su hermana, conoció a Consuelo y quedó enamorado. Los dos jóvenes se pusieron de novios y el casamiento debía tener lugar antes de la partida del joven hacia Cuba. Pero una noticia convocó repentinamente a Sánchez a La Habana: él debía permanecer una corta estadía allí y volver a España para casarse inmediatamente. Una partida tan precipitada, un retorno tan inminente, hicieron que el joven obtuviera de su novia los favores que ella debería haber reservado hasta el día del matrimonio.

Pero a penas llegó a La Habana, el joven murió de fiebre amarilla, y cuando Consuelo García se enteró de la triste noticia, acababa de saber que estaba embarazada.

María Sánchez estuvo tan afligida como su amiga por la doble desgracia que los golpeaba. Resolvió salvar a Consuelo del deshonor y, como ella siempre había tenido un aire masculino, inventó esa estratagema de hacerse pasar por un hombre y desposar a Consuelo, si no ante la ley, al menos ante la Iglesia. Así le dio un marido a la madre y un padre al niño. Ella habría aceptado ese rol y lo habría cumplido hasta el final si la dureza de la vida en Buenos Aires no la hubiera obligado a separarse de su compañera.

Esa es la novela de María Sánchez. Todo redunda en su honor, y debemos esperar que el señor Jensen, frente al bello rasgo de generosidad de su mujer, sepa perdonarle su pequeño defecto físico. Tiene una edad donde eso no tiene gran importancia para él.

* "Un mariage entre femmes", *Le Courrier de la Plata*, Buenos Aires, 18 de julio de 1904, pág. 2, sin firma. Traducido del francés por Hernán Díaz.

* Efectivamente, entre los primeros que adquirieron tierras en Banderaló en 1902 figura un Christian Jensen. [N. del T.]

A FEIRA DE ED-MUNDO

VALLE-INCLÁN, AUTOR, PERSONAXE E XENIO

(28.10.1866, VILANOVA DE AROUSA – 05.01.1936, SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Edmundo Moure Rojas

Na nosa casa da infancia e a primeira mocidade, coñecemos esas tres facetas do excelso escritor da Xeración do 98, don Ramón María del Valle-Inclán Peña y Montenegro, alter ego do Marqués de Bradomín, manco do brazo esquerdo nunha célebre e dramática liorta co escritor Manuel Bueno, acontecida o 24 de xullo de 1899, no Café de La Montaña, Madrid.

Dende aquel suceso, cando o mozo das barbas de chibo tiña trinta e dous anos, tecéronse numerosas lendas respecto da manquidade de don Ramón. Algunhas delas contábaas padre Cándido, con graza parecida á do seu admirado paisano. As historias daquela agresión física, perpetrada por Manuel Bueno en resposta ás afiadas descualificacións verbais que lle inflixira Valle-Inclán, medraban alentadas pola curiosidade morbosa de reporteiros (isto non cambiou en século e medio) que exercían o seu oficio nos cafés, e dos propios compañeiros de faladoiro, pois nos albores do século XX, as mellores conversas intelectuais e de rodas literarias, tiñan lugar nos cafés, bares e baiucas do bulicioso e cosmopolita Madrid.



Ante unha de tantas preguntas sobre a veraz orixe da súa manquidade, don Ramón contou a seguinte historia:

"Durante mi viaje al sur de México, en la zona de Yucatán, me adentré una mañana en la selva; no llevaba yo más armas que mi pipa de Kif y mi bastón de cedro. Cuando me acercaba a un claro, iluminado por los implacables rayos del sol tropical, escuché el quejumbroso llanto de una fémina. Aceleré mi paso viril y hube de apelar a todo mi coraje para superar los temblores de aquella visión trágica: una bella mujer nativa yacía sobre la hojarasca, amarrada a un poste, mientras un enorme jaguar se aprestaba a devorarla… Corrí en su auxilio, me interpuse ante la fiera, con mi bastón alzado. El jaguar saltó sobre mí, cercenándome el brazo, para huir luego con aquel despojo del miembro siniestro. Supe luego que aquella hermosa mujer era una princesa maya… No padecí entonces otro dolor que la imposibilidad de consumar un amor idílico".

Hai outras moitas versións. Quizá a máis rotunda fose a respondida a un impertinente reporteiro santiagués, nas últimas horas de vida de don Ramón:

-"¿Quiere saber la verdad de mi condición de manco? Pues bien, el brazo que me falta fue obra de la voracidad de un periodista como usted".

Las Sonatas del Marqués de Bradomín foron unha desas lecturas predilectas que constituían o pan dos libros, na Casa, que enriquecían a atmosfera familiar dende a dicción clara da miña nai. Deseguido, había que coller o libro da biblioteca do salón, e devoralo a soas, como corresponde ao rito de todo lector amante, pois a temperá lectura posúe parecido morbo ao do amor furtivo.

Viva mi dueño, *Gerifaltes de Antaño*, *Cara de plata*, *Águilas de blasón*, *Divinas palabras*, *Luces de Bohemia*… Pero o libro que máis me impresionou, da súa prolífica obra, foi, e segue a ser, *Tirano Banderas*, a xenial novela que inaugura a saga narrativa acerca dos sátrapas, caudillos e

tiranuelos que pariron as nosas turbulentas repúblicas latinoamericanas, romance do que son tributarias, sen dúbida, *El señor presidente*, de Miguel Ángel Asturias; *Yo, el supremo*, de Augusto Roa Bastos; *El otoño del patriarca*, de Gabriel García Márquez, por sinalar as máis representativas do xénero.

Non canso de recomendar aos meus amigos escritores, aos discípulos do meu obradoiro literario e a todo lector sagaz que se me cruce no camiño, a lectura de *Tirano Banderas*, a través de cuxas páxinas podemos apreciar tamén aspectos estéticos e características estruturais dun auténtico "realismo máxico", moi anterior ao que se atribúe como "descubrimento orixinal" a algúns autores do noso "boom" dos 60, como Alejo Carpentier, Juan Rulfo ou o propio García Márquez, sen esquecer a José Lezama Lima, na súa magna novela *Paradiso*.

Nese aspecto, Valle-Inclán é precursor, dende o seu principal estro creativo, que foi o modernista, malia que evolucionara tamén cara o surrealismo, coa incorporación lúcida e fascinante dos seus esperpentos, sobre todo nas súas obras teatrais.

Hoxe en día apréciase unha notable recuperación en España do teatro de Valle-Inclán, coa posta en escena das súas obras máis coñecidas, como as *Comedias Bárbaras*. A propósito, escribe Ernesto Caballero:

> Las Comedias bárbaras narran el esplendor y la decadencia de una estirpe galaica de altivos y despóticos señores feudales encarnados en la figura de Don Juan Manuel Montenegro. Nuestra versión arranca con las primeras escenas de Romance de lobos cuando el Caballero, atormentado por la culpa y funestos presagios de muerte, decide embarcar hacia Flavia Longa, donde acaba de morir su esposa Doña María. Durante la travesía evocará su desenfrenada historia en un recorrido retrospectivo por las más destacadas escenas de Cara de Plata y Águila de Blasón. Escritas bajo los presupuestos de la estética simbolista plantean retos de puesta en escena imposibles para la realidad teatral de su tiempo que aún siguen suscitándose con el controvertido asunto de cómo llevar a las tablas estos textos rebosantes de complejas e irrepresentables acotaciones. Ahora bien, si por un lado don Ramón escribe estas obras fundamentalmente para la ensoñación del lector, en sintonía con las tesis idealistas que consideran como mejor representación aquella que cada cual imagina cuando lee, su condición de hombre de teatro confiere a estos textos una extraordinaria e inspiradora potencialidad escénica que provoca, ¡y de qué modo!, la imaginación creadora de sus eventuales intérpretes.

Isto faise igualmente patente na narrativa valleinclanesca, onde nada queda resolto de xeito definitivo, considerando ao lector como quen complementa o quefacer do escriba, para pechar así o ciclo creativo en comuñón necesaria e indisoluble entre o artista e o seu anónimo destinatario. Concepción da súa moderna e anticipada ao seu tempo a de don Ramón, signo dun vangardismo que vai máis alá de pretensións vacuas de orixinalidade, sen ese arresto van que adoita tornarse dubidoso na literatura, mundo no que todo –ou case todo- parece que foi dito e intentado en materia de novidades estéticas e xogos amigos da sorpresa.

Don Ramón é personaxe principal da súa profusa lenda, como tantos escritores o foron e o serán, algúns en desmedro da súa obra, transformándose o protagonista existencial nun ser que opaca ou desvirtúa a súa propia escritura. No caso de Valle-Inclán, os seus variados retratos ou mitos ou caricaturas, non lograron diminuír a importancia das súas creacións, a cento cincuenta anos do seu pasamento, logo de sete décadas de frutífera vida.

Rubén Darío dedicoulle este soneto que é un retrato inesquecible:

> Este gran don Ramón de las barbas de chivo,
> cuya sonrisa es la flor de su figura,
> parece un viejo dios, altanero y esquivo,
> que se animase en la frialdad de su escultura.
>
> El cobre de sus ojos por instantes fulgura
> y da una llama roja tras un ramo de olivo.
> Tengo la sensación de que siento y que vivo
> a su lado una vida más intensa y más dura.

Este gran don Ramón del Valle-Inclán me inquieta,
y a través del zodíaco de mis versos actuales
se me esfuma en radiosas visiones de poeta,

o se me rompe en un fracaso de cristales.
Yo le he visto arrancarse del pecho la saeta
que le lanzan los siete pecados capitales.

En xullo de 1985, con ocasión do *Congreso Rosalía de Castro e o seu tempo*, en Santiago de Compostela, fun testemuña dalgunhas disputas que aínda hoxe parécenme tan inútiles como estériles. Novos estudantes de literatura, *enxebristas* acérrimos, de posturas tan rotundas como agresivas, sostiñan a viva voz, nas rodas do memorable congreso, que Ramón del Valle-Inclán non era un escritor galego, dado que toda a súa obra estaba escrita na lingua imperial de Castela, polo que debera considerárselle, simplemente, como un escritor "castelán", isto é, español. E eu, galego indiano ou converso, segundo se mire, inmiscinme na disputa, preguntándolles, a contrapelo:

-Segundo as vosas conclusións, os nosos grandes poetas, Gabriela Mistral e Pablo Neruda, serían escritores "casteláns", porque de Castela recibimos esta lingua que a propia Gabriela e o mesmo Pablo eloxiaran, escribindo este último, nas súas memorias, *Confieso que he vivido*: "Se llevaron el oro y nos dejaron el oro; se llevaron todo y nos dejaron todo: nos dejaron las palabras"…

A propiedade identitaria do galego –ou do chileno–, pois, está máis alá da lingua en que expresemos as súas esencias e particularidades, máxime de considerarmos os catrocentos cincuenta anos de diglosia e menosprezo da lingua vernácula, en proceso de recuperación académica dende a década dos 80 en Galicia... Por outra banda, o castelán de don Ramón está conxugado en galego, atributo que o fai incomparable entre os seus contemporáneos.

Ese día de xullo, de modo providencial quizabes, levaba eu no meu maletín un exemplar de *Divinas Palabras*, que extraín como un espadachín dialéctico, para ler a aqueles rapazolos iracundos –que con seguridade leran escasamente ao xenial manco de Vilanova de Arousa-, unha pasaxe de "La Adoración de los Reyes":

> Después se levantaron para irse, porque ya rayaba el alba. La campiña de Belén, verde y húmeda, sonreía en la paz de la mañana con el caserío de sus aldeas dispersas, y los molinos lejanos desapareciendo bajo el emparrado de las puertas, y las montañas azules y la nieve en las cumbres. Bajo aquel sol amable que lucía sobre los montes iba por los caminos la gente de las aldeas. Un pastor guiaba sus carneros hacia las praderas de Gamalea; mujeres cantando volvían del pozo de Efraín con las ánforas llenas; un viajero cansado picaba la yunta de sus vacas, que se detenían mordisqueando en los vallados, y el humo blanco parecía salir de entre las higueras… Los esclavos negros hicieron arrodillar los camellos y cabalgaron los tres Reyes Magos. Ajenos a todo temor se tornaban a sus tierras, cuando fueron advertidos por el cántico lejano de una vieja y una niña que, sentadas a la puerta de un molino, estaban desgranando espigas de maíz. Y era éste el cantar remoto de las voces:
>
> Camiñade Santos Reyes
> por camiños desviados,
> que pol'os camiños reales
> Herodes mandou soldados.

Por obra do artista que isto escribiu, Belén de Xudá é a Galicia profunda, volta universal no milagre (sexamos ou non crentes) desa epifanía que encheu milleiros e milleiros de páxinas, sexan narracións profanas, esexeses evanxélicas ou haxiografías mesiánicas.

Unha bisbarra verde e húmida, con xugadas de vacas marelas pacendo entre o fume que

brota dende as casas de pedra e o cantar dunha copla campesiña. Como Tolstoi, Valle-Inclán volve universal a aldea, a través da linguaxe, e neste relato, superpona con mestría poética e emotiva, a unha paraxe remota dos Santos Lugares, outorgándolle a paisaxe e o rostro social e milenario de Galicia.

E ao concluír a lectura, manifestei aos atolados oíntes:

-Se isto non é fondamente galego, eu non estou de pé ante vostedes e Santiago de Compostela é un soño sen sentido…

E así como amo o galego que aprendín a escoitar na afastada infancia, no lar dos meus avós lucenses, ao norte de Santiago do Novo Extremo, en terras austrais de América, aprendín a querer este hirsuto castelán que adozamos e enriquecemos os falantes americanos, para reafirmar nas súas conxugacións e renovadas prosodias a nosa identidade, pois cando os nosos poetas nativos cantan, nas súas voces tanxen as sílabas do Mío Cid e os ecos anovan os seus matices, incansablemente, en cada un dos fíos vocálicos deste infinito tear que só completaremos coa última sílaba creadora.

Cada vez que entro nun café o nun bar (adoito facelo decote), busco de xeito inconsciente a figura quixotesca e esperpéntica de don Ramón María del Valle-Inclán, nalgún recanto onde xurdan, airosas e certeiras, as mellores palabras. Alí, como dixera un poeta saxón, "partiremos o pan cos nosos mortos", que non é outra cosa o espírito fraterno da literatura…

E se ese encontro imaxinado co fillo ilustre de Arousa chegase a ocorrer, sentareime ao seu carón, en absoluto silencio (contra o meu costume), tan só para escoitalo, porque precisarei de moitas vidas para aquilatar como se debe o renovado tesouro do seu xenio.



Imaxes (por orde):

Caricaturas de Valle-Inclán en *Revista Popular*, 15/02/1927 e *Madrid Cómico*, 11/12/1897

Fantasmagoría, gravado de Vivanco, en *La Pluma*, 01/01/1923

Retrato de madurez en *La Esfera*, 15/12/1928

DESDE NICARAGUA AL AZUL

Theodoro Elssaca

Sobre la arena duerme un perro azul
mientras las gaviotas sobrevuelan
el oscuro malecón adormilado
Allí la ola revienta en malaquita azul

Parece que nada ocurriera,
al fondo permanecerá el eterno azul
el mismo azul turquí que viera Darío
desde el litoral de Valparaíso

Espera inquietante en la estación del tren azul
abandonado con roída maleta de azules sueños
pequeño gran hombre, invisible a la azul mirada
de Sajonia. Honda influencia, perdurable tu letra

Azul de infinitud que revolucionó la poética
sobre románticos y parnasianos
tomando altos rasgos simbolistas
que pulió aquel muchacho navegante

Poeta decimonónico azul de tritones
amante de los malditos franceses
de Baudelaire a Rimbaud en Abisinia
con ecos de los Cantos de Maldoror

De madrugada entras al palacio azul,
Pedro Félix Balmaceda te aguarda
con libros de fábulas del persa Khayyam
pinturas de Watteau y azules de Van Gogh

Ávido de azul participas de tertulias
en los salones de regio fulgor añil,
donde elevas tus versos en algarabía
pensamientos, palabras y pájaros azules

En dejar el palacio eres el último
las grandes puertas azules con cerrojos
y fallebas, se van cerrando al índigo.
Que no se fugue la atmósfera azul

Retirado en tu cuartito azul de calle Nataniel
plasmabas el espíritu modernista
junto a la parpadeante llama azul
de ese viejo quinqué del barco azul de Prusia

Cae solferina la noche de lapislázuli
Ahora, estoy con Martha Eloísa, cósmica
la poeta Darío, tu descendiente azulada
y vemos tu rostro *lazawárd*[1] sobre el horizonte

Rubén Darío retratado por Vázquez Díaz
La Esfera, 15/12/1923

Me parece ver a Darío entrando al café
del malecón adormecido de turquesa
Viene de sombrero alas de alcatraz
envuelto de largo azul de abrigo

Se sienta a nuestra mesa y pide té azul
Abre el libro Azul olor a tinta fresca
escapan azules sus versos de cobalto
¿Acaso usted es Darío, el poeta azul?

Me mira con sus ojos que no son azules
Bebe de su taza azul de ultramar, y dice:
"Ah, mis ojos, hondos cenotes negros,
ancestralidad de la abuela maya
en su rastro y huellas de Yucatán"

Y yo pienso que todo en Rubén Darío es azul

Viña del Mar, Junio de 2016

[1] Azul, palabra que viene del árabe andalusí: *lazawárd*

ALFACAR: BUSCO TUS OJOS

Theodoro Elssaca

Un relámpago baja del cosmos,
entre la fugacidad de los momentos
y el témpano del cuerpo inerte, sin alma,
entrando en la oscuridad de la tierra.

Federico había sido en el impenitente enigma,
mano a mano con las Parcas dio una fiera riña,
avanzando hacia la noche, con sus cuerdas trémulas,
a punto de cortarse ante el paredón de los fusilados.
¡Aaay! Aquella fatídica noche sin luna en Granada.

La creativa España de Lorca y de Falla al piano
a cuatro manos, de Dalí onírico y renacentista
en la andaluza cinematografía de Buñuel,
encarnó la tenebrosidad del laboratorio de guerras:
una boca de lobo que se abrió al desamparo fratricida.
Vagaron huérfanas por el mundo sus mejores luces.

Camino por La Huerta de San Vicente, su laguna.
Recorro la casa intacta, veo sus huellas en el salón,
entro al escritorio con el cartel del Teatro La Barraca,
donde leo este poema al nacido en Fuente Vaqueros.
Tocamos al mismo piano su misma apasionada música.
Al atardecer, el cante jondo en las cuevas del Sacromonte
y los arábigos Cármenes, en el Barrio del Albayzín,
nos llevaron al auténtico *Romancero Gitano.*

He viajado a Granada para respirar junto al olivo,
y respiro el exacto aire de los muertos tristes
en las zanjas que llaman cunetas, cavadas
por ellos mismos en su viaje sin vuelta atrás.

En Alfacar busco los ojos del tortuoso olivo que lo vio caer.

Territorio bravo y salvaje. La zanja, osario de olvidos,
estremece la niebla de fantasmas de harina y de sal,
tenaces creadores, efervescencia del rayo que no cesa
abre hostil la herida hispánica que aún sangra.

García Lorca nun debuxo de Manuel Ángeles Ortiz
La Esfera, nº49-50, 1975.

MANUEL MARÍA, IN MEMORIAM. AO MANUEL SOTERRADO

Ricardo Seixo

Vaise o Miño entre ameneiros,
silentes brizos e ardoras
son testemuñas cantoras
destes teus días primeiros.

Atrás quedou a tristura
que deixou a despedida.
Cantos guieiros de vida
na túa literatura!

Andas agora a exexar
ao mundo na túa xanela
aí por Santa Sabela,
sonche tempos de agromar.

Son tempos de percorrer
os camiños das ausencias,
seguir a espertar conciencias,
luces a un novo mencer.

Luces que arelan encher
de vida a túa estadía,
e que sempre teñas día
pois nunca podes morrer.

Morrería o país enteiro,
perdendo o seu estandarte,
sen poder quererte e amarte
coa paixón do amor primeiro.

A paixón do camiñante
que en cada poema berra
as aldraxes a esta terra
dunha España asoballante.

Da España da hipocrisía,
proxeneta e explotadora
da clase traballadora,
contra ela ti, cada día.

Ese día que se pasa
e sentimos que te temos,
e contigo percorremos
cada andar da nosa casa.

Da casa, lugar perfecto,
Nación, nos dicires teus,
que nunca dará un adeus
a ti, oral arquitecto.

Que hoxe dormes en madeira
e mandas o teu cariño,
enchendo as augas do Miño,
a anegar Galicia enteira.

A Galicia túa que esperta
e, seguindo o teu compromiso,
xa nunca ha pedir permiso
para exercer dela mesma.

A Coruña, 2005.

Manuel María, con Celestino Fernández de la Vega, Eduardo Blanco-Amor e Nemesio Barxa e Manuel María, no Museo Carlos Maside (Sada) en agosto de 1972.

Arquivo da Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

CONTO DE ALDEIA. O CREGO BURLOM

Adaptado por Adela Figueroa Panisse

Na aldeia de Trasmonte havia um padre que gostava muito de fazer burla de seus paisanos. Nomeadamente quando os via que erão bem guiadinhos e de aspecto manso.

Como tinha algo de soberbia, costumava alcumar a estes seus fregueses de *pailans* ou *paifocos*, com um aceno burlesco na cara. Ainda choscava os olhos quando falava de algum:

-Isse é-che parvinho. É meio pailam. Pode-se fazer burla dele que nem conta se dá.

O Crego, chamado Raimundo, não tinha criado nem criada que lhe parasse na casa, devido, precisamente a este seu caráter.

Mas como precisava de alguém porque a casa não se arruma ela sozinha, aproveitou a missa do domingo para anunciar o seu pedido.

- Meus queridos fregueses, Bem sabeis que eu preciso de ter a minha casa arrumadinha. Bem limpa e em ordem.Para estar em paz com o Céu e mais com a Terra. Mas o "langram" do Antonino preferiu marchar para Cuba que atender ao seu Padre espiritual. Agora, na minha casa, está tudo revolto e nem como bem porque eu nada sei fazer de cozinha. De maneira que agora ando eu na procura dalgum moço que queira levar as cousas da minha casa. Porque os padres necessitamos tranqüilidade para atender as necessidades da –i-alma dos paroquianos:

"Mens sana in corpore sano"

Rezemos todos juntos porque aginha apareça alguém que cuide deste pobre Padre.

Um Padre Nosso e um Ave Maria, pólo santo ou santa deste dia

Cadrou que , por aqueles dias chegou um moço novo a aldeia de Trasmonte. Chamado Brais.

Brais acompanhava uma quadrilha de portugueses que vinham serrar madeira para fazer o piso da casa nova que mandara construir dom Carlitos o indiano. Trabalhavam com a serra de ar, que, nisso eram especialistas os carpinteiros de Portugal.

Dom Carlos marchara de pequeno para Cuba. Por isso, na sua aldeia continuavam a chamar-lhe pelo diminutivo. Mas, como agora era rico, já lhe punham o dom, embora continuasse a ser Carlitos para todo o mundo de Trasmonte.

Dom Carlitos , fizera muito dinheiro na ilha. Tinha propriedades em Santiago e na Habana e, no Camagüei plantações de cana de açúcar. Agora queria mostrar a toda a vizinhança o seu grande sucesso, com uma casa que ia ser a melhor da aldeia.

Os trabalhos de serraria iam já acabados e Brais não tinha ganha de voltar a andar por esses caminhos de Deus, na companhia dos carpinteiros portugueses. Não era por eles, mas sim pólos caminhos, umas vezes enlameados, outras secos de poeira que lhe ressecava a gorja, outras nalgum alpendre que lhes deixavam as boas gentes das aldeias.

Estava farto de se molhar quando chovia e de abafar de calor quando o sol queimava.

Queria vida tranqüila sossegada e a coberto.

De maneira que depois da missa foi a casa do Crego, o Dom Raimundo.

Este viu-no chegar pólo portão. A imagem do Brais não era muito graciosa:

A pucha calada na cabeça (tinha esse costume para se proteger do serrim), as tamancas gastadinhas e os ombros caídos . A jaqueta algo suja de restos da serraria da madeira e as calças gastadas e sujas pólos baixos.

O pobrinho do Brais nom luzia muito...

Bateu na porta de dom Raimundo e tirou a pucha educadamente, guardando-a entre as mãos em quanto olhava para o crego com um ar algo de borrego.

Aí véu Dom Raimundo a sua oportunidade de fazer burla do moço. Sentindo-se superior, empoleirou-se algo nos calcanhares e perguntou:

-Boa Tarde, Que é o que vês buscar por cá?

-Boa tarde, Dom Raimundo. Disseram-me que precisava d'um criado. Eu venho pretender.

-Bem está que procures trabalho. É isso bem melhor que andar tirado por essas corredoiras sem teito na cabeça nem cunca com verças que levar á boca.

-E-lhe, sim senhor.

-Pois, daquela, que é o que sabes fazer?. Cozinhas, limpas, e arrumas a casa?

-Sei sim senhor. Que sempre trabalhei desde bem pequeninho, e a minha mãe, que em gloria esteja, bem que me ensinou. Ela nunca deixava que estivéssemos a folgar. Na casa sempre havia que fazer e eu ajudava-lhe em tudo o que ela me ordenava.

-Pois isso bem está. Mas, para servires nesta casa nom abunda com saber isso todo.

Tens que me entender bem quando eu te fale.

-Sua mercê diga e eu respostar-lhe-ei. Falarão galego, nom sim? Eu isso entendo, e , ainda entendo bem o castelão e chapurreio-o tudo o que eu puder.

-Entra logo que che vou fazer umas perguntas. Vamos- te por a prova para ver se és espelido como dizes ser.

O padre viu o seu momento de se rir do pobre moço, e começou assim:

Sinalando as escadas da casa, perguntou:

-Como se chama a esses chanzos que sobem para o andar de cima?

-Ai, Sr cura, chamaram-se escaleiras...

-Nom, burram!, nesta casa chama-se-lhes "escada".

-Olha aí, por esta vez passo-cho, mas para a próxima que falhes dou-te com este pau no lombo.

O Brais, torceu algo o focinho, mas, como queria o trabalho, calou e olhou para o Dom Raimundo na espera da próxima pergunta.

-Vamos ver, pailam, como se di, estar a dormir a sesta?

-Ai Sr. cura, na minha terra dize-se dormir a sesta, eu nom lhe sei outro jeito.

Poom! Um pau no lombo do Brais.

-Que não burram!, Dize-se "estar em braços de Alegria".

O moço encolheu os ombros ainda mais do que os tinha e pensou, *" Estes senhoritos, são -che bem esquisitos. Carai para o padre, vai para braços de alegria todas as sobremesas. Quem coma ele!"*

-Atende lacazam!. Como se lhe chama a esse animal que tens ai diante. E sinalava-lhe um gato, gordo e bem mantido que dormia ao pé da lareira.

-Ai Sr cura, isso sim que lho sei: Chama-se Ghato!

O Brais retrucara. Cuma voz clara e segura pólo que lhe parecera uma pergunta fácil. Ai!, mas caiu-lhe um pau no lombo e ainda escutou o riso do cura a lhe dizer:

-Que nom, e nom!. Nesta casa a esse animal, chama-se-lhe; " Triscalaratas".

"Este pobre homem deveu tolear. Será de viver só que os curas que nom têm ama, acabam mal. Já mo dizia minha mãe":

-Cuidate Brais de homens que vivem sozinhos. O Homem que nem fuma nem bebe vinho o demo lhe leva por outro caminho! Mas, este malvado que me está a moer de paús vai-mas pagar!. Abofe que sim! Como me chamo Brais!

E, depois disto rosmar, com a mesma, revirou a cara para o Padre disposto para a próxima pergunta:

-Que mais se lhe oferece a vossa mercê?

O Dom Raimundo sinalou-lhe o lume da lareira, e disse-lhe:

-Como se chama isso que da tanto calor e tanto reluze?

-Ai, meu senhor, na minha casa chamavam-lhe lume, mas cá.....

Pumba! Outro pau que foi cair no lombo do Brais.

-Nesta casa isso é o Resplandor. E assim será como tu lhe vais chamar desde agora!

-Bem, vou-te fazer a última pergunta e se ma sabes , deixo-te ir em paz e pôs-te a trabalhar que já são horas de fazer de comer.

-Diga logo, Padre,

O Crego abriu a torneira, que naquela casa havia água na cozinha, que lhe vinha duma mina que tinham no alto do monte. Chegava pólo pé fresquinha e limpa e bem abunda.

O prove do Brais que já nem sabia como sair do apuro, respostou rápido, para acabar quanto antes ainda que levasse outro pau.

-Pois, pois, na minha casa chama-se água. E afastou-se rápido para esquivar o golpe que, inevitavelmente lhe caiu no lombo.

Pum!. Animal. Burricam!. A isso chama-se-lhe "Abunda"!

-Pois se o senhor o diz assim será...

O cura riu-se as gargalhadas, que nem se molestou em dissimular diante do rapaz.

-Bem, ainda que nom pareças muito avisado, como tenho necessidade dum criado vou-te contratar, mesmo um burrinho coma ti. De maneira que já sabes, de momento nom te vou pa-

"E dormindo aqui ou acolá.
Umas vezes num palheiro..."
Orixinal de M. Suárez de Concha



gar nada. Vens póla comida e a dormida. Um traje novo ao ano e, se estou contento contigo, já falaremos do salário.

O Brais aceitou, entre outras cousas , porque os portugueses já tinha ido embora e , agora ele nem tinha onde dormir.Mas guardou-lhas para melhor momento. Sim hom.. ele ir-se-ia vingar daquele presumido de cura e burlom que lhe fez passar em ridículo como se ele fosse parvo.

E Brais sabia bem que ele parvo nom era.

Fez a comida, arrumou a cozinha e , desde que comeram, o crego disse-lhe que ia para o andar de cima dormir,

-Olha Brais, Cuida que ninguém me moleste. Que eu preciso descansar que isto de dizer missa e fazer a catequeses é-che muito cansado.

-Tá bem, vossa mercê. Vai tranqüilo que eu tenho muito que fazer por cá.

O Brais, desde que o cura desapareceu escadas acima, armou a sua vingança: Agarrou ao gato e atou-lhe um fachico de palha no rabo. Logo prendeu-lhe lume e ceivou ao animal que fugia espavorido com o fogo ardendo no seu rabo. O pobre gato ia de quarto em quarto tratando de se libertar daquele lume em quanto ia prendendo por toda a casa.

O Brais, que viu como o lume ia prendendo nos cortinados e nos diferentes quartos da casa, começou a cantar bem alto para fazer-se ouvir::

Ai Sr Cura, Que estás em braços d'Alegria

Aí che vai o triscalaratas

Pólas escadas arriba,

Cuuubeeerto de resplandooore!

O Brais repetia a sua canção como se for uma ladainha. Uma e outra vez:

Ai Sr cura....

O dom Raimundo que isto ouviu, julgou que o pobre do criado tinha-se virado louco. E , ainda pensou se nom seria dos golpes que ele lhe tinha dado.

-Pobre rapaz! Este toleou!. Vaia moço que fui colher para criado. E nom está a fazer uma canção com as palavras que eu inventei para me burlar dele?! De certo que lhe virou o sentido.

Mas o gato ia estendendo o lume póla casa e esta começou a arder por todas as partes.

O cheiro a fume chegou até o nariz do cura que se ergueu do leito e começou a chamar desde a janela:

-Vizinhos água!!! Que há Fogo!! Vide ajudar!!!

Ajuda!!! Ajuda!!.

Mas, o Brais, desde outra janela gritava também:

-Abunda vizinhos,! Abunda!!

Os vizinhos que já chegavam com os caldeiros carregados d'água ao escutar que abundava, deixaram-nos no chão.

-Ah, poi logo, se abunda é que nom faz falha água.

E a casa acabou por arder toda.

E assim foi como o Brais a quem o cura soberbo, pretendeu humilhar, passou de burlado a burlador, e o padre de burlador a burlado, aprendendo que nom se pode fazer burla dos mais humildes, porque podem resultar mais listos do que um por muito abastado e rico que for.

Este conto contavam-mo a mim de pequena para me ensinar que nunca se deve desprezar ás pessoas pólo seu aspecto e , que mesmo parecendo mais humildes, podem ser mais listas das que aparentam mais fachendosas como foi o caso do Cura de Trasmonte e de seu criado Brais, que demonstrou ser bem mais listo que ele.

TOÑO DE PAZOS

Quijote

Inda que máis morto que vivo, el segue en pe, manténdose impertérrito no seu sitio de sempre na rúa Linares Rivas de Sada. Verdadeiramente dáme pena velo así de abandonado. Son tan bos os recordos que gardo, vividos entre a súas catro paredes...!

Mira que paso veces e veces por diante e, por mais que agudizo os oídos, nada escoito que non sexa o rebulir dalgún rato o cousa parecida. Sen embargo, a xente segue a dicir que nas tardes tristes de inverno, nas horas de sesta, ou de anoitecida, ou de amencer..., dalgún xeito, cando ninguén asoma os fociños por diante dos enferruxados peches da súa fachada, escóitanse os doces compases dun acordeón. Tamén aseguran que non pode ser outro instrumento que o de "Toño de Pazos", polo seu característico soar, máis preto dunha gaita galega que dun acordeón. Cousa que non parece estraño supor, xa que, ata a que desapareceu para sempre, non había día no que Toño deixara de pasar polo seu querido "Salón Moderno" para tocar unha peza

* * *

Toño xa dende pequeno foi un rapaz fóra do normal. Andaba sempre a facer as cousas máis enrevesadas que se poida imaxinar: cortáballe os cornos aos caracois, as patas de diante ás ras, arrincáballe os ollos ás lagartas, e mesmo lle prendía lume as plumas das galiñas coma as pallas do palleiro. Así que, despois de estar a piques de esborrallar a choza da eira por prenderlle lume, e fartos coma estaban de todo canto nada ben facía o Toño, os pais del deron en pensar que aquel rapas seu ou era o mesmo diaño o tiña o demo no corpo. Con tal desacougo, foron pedir consello ao crego da parroquia por se lles daba algunha solución. Este recomendoulles facer un viaxe co neno a terras de Melide. Polo visto, tiña oído falar, para casos dos que eles se queixaban, dun santo moi milagreiro que non deixaba sen curar a ninguén que fora ata a súa capela, levando, iso si, moita fe e, a non faltar, un bo agasallo. Así pois, en canto mercaron un rosario cas contas de prata e a cruz de ouro, que lles pareceu dabondo para contentar ao santo, emprenderon o viaxe cara Ás terras de Melide. Pero, meus pobres!, nada afeitos a viaxar, chegaron tan cansos e suorentos que, tanto o pai coma a nai de Toño, decidiron deixar para outro día o encontro co santo. De tal maneira que, non sen medo as falcatruadas que o seu fillo puidera cometer en casa allea, foron buscar unha fonda na que pasar a noite. Preguntándolle á xente, moi amable por certo, topáronse cun home viúvo que ofreceuse a darlles acomodo de balde. De tal xeito que, ó pouco tempo, case sen darse conta estaban comendo queixo con pan e bebendo viño na casa daquel bo home.

Quen sabe se por medo as labazadas que puidera recibir dun santo cabreado ou porque aquela situación lle era descoñecida, o Toño estábase a portar de marabilla. Así que, pola mañá cedo despois de almorzar, e sen ter que avergoñarse de ningunha cousa estraña, despedíronse do viúvo con moito agradecemento, aínda que nada lles puidera indicar da capela milagreira que andaban a buscar, pois nada coñecía por aqueles arredores que puidera parecerse ó que eles se referían. Entón foron preguntar polas tendas e pola rúa, pero ninguén lles daba razón do sitio ata que alguén os mandou falar con Don Aquilino, o párroco da igrexa de San Pedro, dicíndolles: "se don Aquilino, que é un home moi erudito, non lles sabe do sitio ese, poden estar seguros que ninguén mais por aquí poderá sabelo". Efectivamente, don Aquilino, ben que sabia! O caso é que o lugar non era no mesmo Melide, polo que o párroco, poñendo voz de párroco, lles explicou moi circunspecto:

-O que vostedes tanto desexan atopar é a "Capela da Mota". Esta, encóntrase nunha carballeira nas aforas de Arzúa e o santo tan milagreiro que alí se venera é San Bartolomeu.

Ledos por ter ao fin xa sabido a onde dirixise, foron coller o coche de liña, pero cando chegaron xa no había servizo ata pola tarde.

Despois das esperas, do novo viaxe ata Arzúa, e de preguntar a uns e outros, deron ao fin coa desexada "Capela da Mota". Pero a ermida estaba pechada e nada facía supoñer que naquela tarde alguén fora a achegarse por alí. Mais, por unha vez, a sorte púñase do seu lado:

-Ei... señor cura! Cando poderemos ver ó santo? -Berroulle o pai de Toño a un crego que saía pola porta da sacristía que, no fondo dun lateral da igrexa, daba ó atrio.

-Mañá! Mañá, pola mañá! Co canto do galo despéchase a porta! -Contestoulles.

Logo, con moita pachorra, reveloulles segredos e milagres daquel lugar e púxoos en coñecemento do que haberían de facer no día seguinte que, casualmente, era o máis grande da romaría en honor do San Bartolomeu naquela ermida.

Cando chegaron ao día seguinte, aquela capela agochada no medio dunha inmensa carballeira, sen máis compañeiro que un espido cruceiro, semellaba ter sido descuberta por todo os tolos habidos e por haber. Uns facían carantoñas cos beizos, outros cos ollos; uns engruñaban os ombreiros ou excitábanse cuns espasmos que daban medo; algúns ouveaban coma animais e moitos deles camiñaban arrastrándose de xeonllos cara a ermida. Cando chegou o momento da bendición liberadora, todos aqueles endemoñados tolos, axeonllados e xuntos diante do altar maior, coma mandara o crego, semellaban cochos nas mans dun matachín cravándolles o santo. Neses momentos todo o mundo berraba na igrexa. O cura pasáballes unha replica do santo polo lombo e gritaba: "Fóra deste corpo, Satán! Louvado sexa Deus!" Entón todos os fregueses contestaban tamén gritando esaxeradamente: "Louvado sexa! Louvado sexa!". Namentres aqueles toliños axeonllados, presos dun fervellar convulsivo, de cando en cando, saían axitados, correndo e votando fora de si os males que amosaban, coma se foran escorrentados dende o mesmo inferno.

Pero Toño, cando lle pasaron o santo polo lombo, nin fervía, nin ouveaba, nin saíu correndo. Con paso maino volveu xunta aos seus pais que, coma coma toda axente na igrexa, berraban elevando os brazos: "Milagre...! Milagre...! Milagre...! Toño estrañábase dos abrazos que lle daban e de toda aquela esaxeración colectiva. Nin nada saíra do seu corpo, nin da súa alma, nin nada extraordinario sentira non sendo o medo que lle impoñía a exacerbación daquel cura pasándolle o santo polo lombo. Arrelado co desvarío daquela xente e con algo máis de sentido común que eles dicíase a si mesmo: "Non sei que fago aquí, nesta tolemia, se o único mal que levo dentro é o de ser un rapaz".

Xa de volta en Sada, e tal como ían transco-

"--Ei... Señor Cura! Cando poderemos ver ó santo?"

Orixinal de M. Suárez de Concha

rrendo os días, deron en pensar que, dende logo, algo tiña pasado, pois Toño agora era coma un anxo. O pai daba por ben empregados os cartos que lle levaran polo rosario de prata e, de cando en vez, oíaselle reflexionar cos seus: "Arre demo!, que nunca mellor dito..., custar, custou, pero pagou a pena".

O que si se facía raro era que, dende a volta de Arzúa, o neno non paraba de argallar con calquera cousa que puidera soar. Facía música cos carabullos ocos da horta, coas cunchas da praia, coas bucinas, con cornos, con peites, coas latas do aceite, coas botellas de anís... con calquera trebello co que puidera obter un ritmo musical. Ningunha outra ansia máis enchía o tempo de Toño, de tal modo que pasou, de folgazán neno a folgazán mozo, nunha continuidade imperceptíbel. Coa mesma velocidade imperceptíbel chegáballes, enchida de doenzas, a vellez aos pais. Ao vello levouno axiña un cancro e, de seguido, a muller morreu coa pena. Entón, véndose só, sen máis habilidades que facer soar instrumentos, foise encerrando en si mesmo. Pasaba as horas e as horas... na praia ou no monte, sempre tocando algo completamente só. Soamente se achegaba ata o centro da vila, como un can amedrentado, nas horas do xantar. Encollido e coa mirada cara o chan, púñase diante dos bares ata que alguén, compadecido, ofrecíalle algo que comer. E así un día e outro ata que "Toño de Pazos" se foi convertendo nun personaxe grotesco, inda que entrañábel, da vila de Sada.

-Tómalle unha cunca, Toño! Achégate a nos que imos facer unha foliada! -dicíanlle os mariñeiros e a xente dos bares para que lles tocara algunha cousa que cantar- E, como canto máis viño tomaba mellor tocaba, a xente dáballe de beber a esgalla. De tal xeito que, como el non lle facía ascos ao viño, acababa sempre cos ollos perdidos arrastrando polas beirarrúas o seu mal vivir.

Un bo día un músico da orquestra que actuaba no "Salón Moderno" deixoulle tocar o seu acordeón. Toño, que endexamais tivera nas súas mans un instrumento tan complicado coma aquel, e que ninguén lle dixera nunca como facer para que soara ben, comezou a tocar cunha perfección que os deixou a todos ensimesmados. Sacáballe un son especial e morriñento coa dozura da gaita galega e o agarimo dunha muiñeira. O músico, abraiado polo que acababa de escoitar, regaloulle o acordeón e prometeulle levalo a tocar ao mesmo "Salón Moderno".

Dende aquel día Toño converteuse noutro home: arranxou a súa presenza, deixou de beber e buscou traballo como puido co seu acordeón. Tocaba na rúa, nas vodas, en calquera festa e maiormente -que era o que mais lle gustaba-, ía animando nos barcos para facerlle aos mariñeiros a faena mais levadeira. As loanzas da dozura da música que facía correron de boca en boca de tal xeito que viña xente dende moi lonxe só por escoitalo. El non deixaba día sen tratar de pasar a tocar polo "Salón Moderno". Alí, pregábanlle que se achegara, podendo ser, máis ben ao remate da sesión, pois a xente apiñábanse por escoitalo e, maiormente, segundo acaba de tocar marchaban.

A reputación de Toño espallouse coma unha gripe. Calquera que o escoitara tocar infectábase co doce agarimo da súa musica e convertíase en voceiro contaminador. Pero a pesar da fama e de chegar a ser un personaxe famoso, xamais renegou dos seus. Non deixaba de ir tocar aos barcos de mariñeiros e un bo día pasou o que sempre pode pasar no mar: a bravura dunha tormenta votounos a pique. Daquel transo salvouse un mariñeiro que contaba que, mentres se afundían, el seguía tocando e tocando. A súa musica seguiu soando coma un soño de esperanza no medio do ruxir das ondas e do estallar des lóstregos no mar. Aquel náufrago, non achaba explicación ao xeito de ter escoitado a música todo aquel longo tempo que pasara de loita contra as ondas enfurecidas ata ser rescatado, cando, co barco xa afundido, nada sólido vira polo seu arredor. De feito, endexamais ninguén volveu a ver, nin vivos nin mortos, ao resto dos náufragos, incluíndo a Toño.

* * *

-Dígame...?

-Non dicías que xamais escoitaras a doce musica do "Toño de Pazos"?

-Certo...! E logo...?

-Pois... vente axiña! Está soando coma nunca soou... Achégate onda min e trae a cámara de fotos. Estou diante do "Salón Moderno". Está ardendo...!

-Qué dis...? Vou correndo!

A IMAXE COMENTADA

Rúa do Porto (hoxe José Monzo) no ano 1909

Esta fotografía foi tomada no verán do ano 1909. Desde entón todo cambiou bastante. A rúa tivo tres nomes. Primeiro Porto, despois da guerra General Mola e agora José Monzo. Ía desde o ultramarinos Gayoso na Praza do Conde ata o cruce coa rúa da Igrexa. Catro rúas partían dela cara a avenida da Mariña: Dolores, Sol, Estrela, Areal e Igrexa.

Era unha rúa con casas tipo mariñeiro e algunhas con balcóns de madeira das que quedan aínda dúas. Todo o demais reformouse, pero a rúa non cambiou. Hoxe ten aínda ese saínte que se ve na foto onde estaba o ultramarinos da Sra. Amparo, que eu lembro, e antes o da súa nai. Agora está reconstruída e non hai ningún negocio. Á dereita queda só a casa que pertenceu á Sra. Angélica Vidal e hoxe reformada, na que vive a súa filla. Á esquerda, a primeira foi un salón de baile. Alí ensaiaba a primeira Coral que tivo Sada, A Troula, logo foi un almacén de viños e ata unha peixería. Hoxe no seu lugar hai unha valla que cerca tamén a casa da Sra. María Lourido. A continuación está a casa de Pedro Agra, a de Xefa, Pallares, Ríos e na da esquina viviu a "Rabela" e hoxe vive nela a súa neta, pero está reconstruída.

Vese xente na rúa. Daquela era costume sentar ás portas e facer tertulia cos veciños. Coido que esta foto dunha rúa de Sada é das máis vellas que publicamos e foi enviada desde Ferrol por unha bisneta do famoso Panchón.

memoriadesada.com

NOVAS DOUTRO TEMPO

HAI 100 ANOS

Conócese ya la propuesta para cubrir el curato de la villa de Sada (Coruña), presentación del Duque de Alba.

La propuesta es en esta forma:

1º Sr. Villanueva Rodríguez, párroco de Lubre.
2º Sr. Ávila Cuadra, párroco de San Pedro de Nós.
3º Sr. Tojo y Tojo, arcipreste de Berbejón.

(*Diario de Galicia*, Compostela, 21/11/1916)

HAI 90 ANOS

El domingo último se celebró en Sada, en el salón de baile de la Avenida de Barrié de la Maza, un banquete servido por el "Hotel La Española" y organizado por el joven periodista don Manuel L. Freire-Calvelo y por don José López Vila, en obsequio de [...] don Ramón Suárez Picallo [...].

A la una se congregaron en el comedor del citado salón más de cuarenta comensales, entre los que se hallaban numerosos forasteros de la colonia veraniega, reinando durante el ágape la mayor cordialidad.

Ofreció el homenaje el señor Freire-Calvelo en frases cariñosísimas, ensalzando la labor desarrollada por el señor Suárez Picallo en los diferentes sectores sociales.

A continuación hicieron uso de la palabra el ex alcalde de Sada don Ángel López Vidal, el señor Pérez, el joven periodista y farmacéutico don Francisco López Vázquez y don Alfredo Viola, delegado obrero argentino en la Sociedad de Naciones, siendo muy aplaudidos.

Al levantarse el señor Suárez fue acogido con una estruendosa ovación. Visiblemente emocionado agradeció el hermoso acto que en su honor realizaba su pueblo natal, prometiendo seguir luchando por el buen nombre de Galicia en Hispanoamérica y diciendo que no se cree merecedor de las muchas demostraciones de afecto de que desde su llegada está siendo aquí objeto. Después recitó algunas poesías de Cabanillas, Noriega Varela y otros poetas gallegos.

[...] Fue en suma una fiesta muy simpática y una demostración de íntima y fraternal amistad hacia el señor Suárez.

(*El Orzán*, A Coruña, 12/08/1926)

HAI 80 ANOS

Aparecen tres cadáveres

En el Juzgado municipal de esta villa se presentó el día 12 el labrador del lugar de Souto, parroquia de Carnoedo, don Antonio Babío Sánchez, el cual venía a participar que después de trabajar en el monte de su propiedad, cortando leña, y al dirigirse para su casa, observó que en el monte próximo al suyo, conocido por el monte de "Abeleira", de la parroquia de Veigue, propiedad de su hermano don José María, se encontró con un hombre tirado en el suelo, el cual suponía sería un cadáver.

Al tener en esta villa noticia las autoridades, se trasladaron al lugar del suceso el juez de instrucción de la ciudad de Betanzos, don Benjamín Gil Sáez, actuando de secretario el del Juzgado municipal de Sada don José Fernández Cid, juez municipal don Antonio Posse del Río, doctor Calviño Salazar, médico forense y sargento comandante del puesto de la Guardia civil, don José Vicente.

Personado el Juzgado en el lugar del suceso, se encontró un cadáver, que resultó ser el de don Juan Antonio Suárez Picallo, vecino de esta villa.

Practicada una inspección minuciosa por el monte, en el cual está la vegetación muy espesa, se encontraron dos cadáveres más, separados unos de otros más de diez metros y en distintas direcciones, los cuales una vez identificados por los vecinos que presenciaban la inspección y el referido lugar, resultaron ser Antonio Carballeira Muñiz, de 28 años, casado, y Manuel Prego Chás, de 29 años, soltero, estos dos vecinos de la parroquia de Meirás.

Por orden del Juzgado, los cadáveres han sido trasladados al depósito del cementerio de la parroquia de Veigue, en donde en el día de ayer les fué practicada la autopsia por los médicos municipales de este Ayuntamiento doctores Cimadevila Rey y Orozco Wais, y practicante señor Valcárcel Pérez.

Por el Juzgado se continúan practicando diligencias.

(*La Voz de Galicia*, A Coruña, 15/08/1936)

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Marisa Naveiro López

O pasado 14 de abril cumpríanse 85 anos da proclamación da II República, e, como non podía ser doutra forma, conmemoramos a data cunha ofrenda floral e lectura de textos no monumento do paseo marítimo.

No número 12 da revista *Areal* dedícase un artigo á asociación de Música e Danza Tradicional Queiroa e contamos con eles para unha actuación no acto de presentación, que tivo lugar na Casa da Cultura o 22 de abril. Neste mesmo acto Rafael Carballeira Coego, investigador da USC, explícanos o porqué das pasadas inundacións en Sada, presentando o exemplar da serie *Cadernos de Estudos Locais* "Inundacións en Sada: consecuencias locais de fenómenos climáticos globais".

O 20 de maio traemos á Capela a Cibrán Santamarina Ríos para impartir unha charla didáctica baixo o títutlo *Orixes da materia: O Bosón de Higg no CERN*.

O 3 de xuño Xosé Duncan presenta a súa novela *Negruña*, unha historia que mestura fantasía e ciencia-ficción nunha hipotética Coruña do futuro. No mesmo acto celebramos o Día das Letras Galegas, repartindo un *Caderno de Estudos Xerais* que elabora e presenta a nosa compañeira Vanesa Santiago, e leva por título: "Oitava de voces para Manuel María". Tamén, outro ano máis, publicamos un *Caderno* con motivo do cabodano de Isaac en colaboración coa Academia Real Isaac Díaz Pardo.



Páx. ant.: acto do 14 de abril, charla de Cibrán Santamarina e presentación de Negrúña, de Xosé Duncan. Fotografías de M. Naveiro

Esquerda: Laura Romero, Manuel Pérez e José Ramón Soraluce na presentación do *Caderno* "As sete Terrazas de Sada". Fotografía de E. Rodríguez

Abaixo: dúas imaxes do roteiro organizado durante a Feira Modernista. Fotografías de M. Naveiro

O día 29 presentamos outro libro, neste caso o poemario *Ollares*, de Ricardo Seixo, nun acto con música e lectura de poemas.

A Feira Modernista inaugúrase o 29 de xullo co coa presentación do número especial dos *Cadernos de Estudos Locais* titulado "As sete terrazas de Sada". Comeza o acto coa intervención de Manuel Pérez Lorenzo sobre a Sada de comezos de século para, a continuación, abordar a evolución da Terraza e os seus aspectos artísticos nas intervencións do catedrático da Universidade da Coruña José Ramón Soraluce Blond e da arquitecta Laura Bouza Romero, autores de dita publicación.

Tamén no marco da Feira Modernista, a nosa asociación organiza o día 1 de agosto un roteiro por Sada que foi guiado por Manuel Pérez Lorenzo. No transcurso do mesmo realizouse un percorrido pola nosa vila no que se visitaron edificacións significativas con trazos modernistas, como o Moderno, a Terraza, diversas vivendas ou as escolas de Sada y sus Contornos.

No 80 aniversario do asasinato de Xohán Anton Suárez Picallo, Antonio Carballeira Muñiz e Manuel Prego Chas, que deixaron a vida por defender a liberdade, a nosa asociación organizou dous actos. O 11 de agosto tivo lugar unha ofrenda floral no monumento ás vítimas do franquismo e o día seguinte, na capela de San Roque, Manuel Pérez Lorenzo agasallounos unha marabillosa charla sobre *X. A. Suárez Picallo, A. Carballeira e M. Prego na Sada da II República.*



Esquerda: Luís Pérez e José-Mª Monterroso na presentación do *Caderno* deste último sobre R. Villar Ponte. Dereita: a filla de A. Carballeira ante o monumento ás vítimas da represión franquista en Sada no 80 aniversario do asesinato do seu pai. Fotografías de M. Naveiro

Manuel Couzo (1932-1916) coa súa neta nas Cerámicas do Castro na súa última visita a Sada, en 2013. Fotografía de A. López Soto

En setembro morre en Buenos Aires Manolo Couzo Bermúdez, cofundador e presidente do C. E. de Sada y sus Contornos. Era Fillo Predilecto do Concello de Sada e participou activamente na repatriación dos restos de Ramón Suárez Picallo no ano 2008. En agosto do 2013 foi agasallado pola A.C. Irmáns Suárez Picallo nun entrañable acto no que o nomeamos Socio de Honra.

O día 30 de setembro, enmarcado nos actos de Centenario das Irmandades da Fala, presentouse na Capela de San Roque de Sada o número 8 dos nosos *Cadernos de Estudos Xerais*, "A longa pós-guerra de Ramón Villar Ponte", da autoría do escritor José-Mª Monterroso Devesa, que realizou unha interesante conversa sobre o tema logo da introdución de Luís Pérez Rodríguez.

Por último, o escritor Theodoro Elssaca, poeta, ensaísta, artista visual e fotógrafo antropoloxista chileno que vén de participar no 82 Congreso do PEN Club internacional celebrado en Ourense, é convidado pola A. C. Irmáns Suárez Picallo a visitar Sada. O venres 7 de outubro estivo na Capela de San Roque, onde recitou algúns dos seus poemas e homenaxeou a Cervantes coa lectura dun texto da súa autoría, un "poema polifónico", que requiriu da participación de varios dos presentes. A charla-recital de Theo Elssaca, unha das principais voces poéticas do Chile actual, constituíu un interesante percorrido pola súa traxectoria vital e pola súa obra.

O poeta Theodoro Elssaca (1º pola esquerda) con compañeiros da asociación e co Cónsul de Chile D. Wilson Zambrano Bucarey.
Abaixo, outro momento do mesmo acto

O QUE LIMOS

Os ontes do silencio
Manuel María Fernández Teixeiro
Everest, 1990.

Sen necesidade de ser profeta, era claro que máis cedo que tarde Manuel María sería homenaxeado durante o Día das Letras Galegas, feito que aconteceu, finalmente, este pasado 17 de maio. Se aínda hai quen non escoitara falar del, non ten máis que pasar por diante do escaparate dalgunha libraría, onde agromaron coma fungos, co gallo das Letras, os libros que se lle dedican, como a biografía asinada pola escritora Mercedes Queixas Zas Labrego con algo de poeta, que saíu do prelo da man da editorial Galaxia. Cando menos puideron verse alá polo mes cuberto de rosas –que diría Rosalía-, se é que agora xa non, pois xa se sabe que a gloria deste mundo é breve.

Poeta popularísimo, malia el considerarse primeiramente labrego se atendemos a Mercedes Queixas, Manuel María é recitado nas escolas de todo o país, talvez pola aparente sinxeleza de moitos dos seus versos; na súa obra conxuga un marcado carácter incisivo e comprometido co evidente amor á terra que o vira nacer en 1929, características recorrentes ao longo da súa traxectoria e que, sumadas a unha rima pegadiza, deron como resultado a musicalización de moitos dos seus poemas; así, o seu poema O Carro converteuse case en outro himno galego, e a maior parte de quen vivimos neste país o recoñecemos nada máis escoitalo. A iso cabe engadir que o Poeta da Terra Chá, como o alcumaran dada a súa orixe chairega, era dono dun carácter humilde e amigable, segundo contan quen o tiñan como amigo e, sendo como foi, fondamente recoñecido en vida, dificilmente poderemos esquecelo toda vez que nos deixou.

Deixounos, si, e xa vai uns anos dende aquela (2004), pero aínda podemos apreixalo -ou, por mellor dicir, liberalo- en todo o que deixou escrito, que foi moito, pois tratouse dun poeta prolífico, e non só poeta, senón tamén narrador formidable, amén de dramaturgo e ensaísta. Querendo destacar esa faceta súa como narrador, quizais algo menos coñecida que a de facedor de versos (que coñecemos xa dende 1950, coa publicación daquel Muiñeiro de brétemas), hoxe traemos a esta sección unha compilación de relatos que publicou a editorial Nova Galicia en 1990: Os ontes do silencio.

O libro recolle narracións de publicacións que no seu momento levaban un tempo esgotadas, e que, segundo nota do propio autor, foron escritas entre 1949 e 1972 ou 1973. Esas publicacións parcialmente recuperadas aquí foron Contos en cuarto crecente (publicados orixinal e valentemente en galego pola Celta en 1952), Testemuñas (do libro O xornaleiro e sete testemuñas máis, publicado polas Edicións Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires arredor de 1969) e Kricoi, Fanoi e Don Lobonís (publicado por Edicións Castrelos, de Vigo, en 1973).

Malia ser 23 escritos desiguais, por abranguer un período de tempo tan longo dende os primeiros aos últimos, hai algo que, dende a miña perspectiva, os dota dunha certa uniformidade, e ese algo queda reflectido no título: Os ontes do silencio. Paréceme que fai referencia a un pasado onde as palabras podían saír caras, onde había gañadores e vencidos –que coinciden maiormente cos de sempre, os que o teñen todo e os que non teñen nada-, e onde calquera era pertinente de ser sospeitoso para as autoridades –simbolizadas habitualmente na Garda Civil- do réxime ditatorial imperante, sementando en quen o padeceron un medo calado que sobreviviu á morte do ditador. Son relatos das cousas que nunca se falaban en voz alta pero que corrían como un segredo a voces de boca en boca, contados coa pluma experta de Manuel María, que comezan coma un cadro costumista –unha carta a un emigrante, a veciña pobre que rebusca nos restos da sementeira…- e que se van inzando de sombras ata o seu final que busca conmover ao lector e situalo ao lado do desfavorecido, de quen talvez empezou xulgándoo con certo afastamento e mesmo superioridade.

Os relatos lense axiña e de xeito doado, e os máis longos mesmo teñen unha numeración interior para poder facer unha pausa durante a lectura. Como non podía ser doutra forma, o autor emprega algún recurso poético, como a repetición de fórmulas, que non saturan ao tratarse de textos curtos, e enchen, en cambio, aos contos, dun lirismo que o diferenza doutros libros semellantes, ao meu ver, como poden ser o Cousas, de Castelao, que aposta por unha posta en escena ilustrativa –acorde coa faceta debuxante do autor rianxeiro- ou Xente de aquí e acolá, de Álvaro Cunqueiro, que goza dun sentido do humor propio do carácter retranqueiro de quen o asinou.

O mellor de todo é que, a pesar de falar dos ontes, non podemos deixar de ver reflectidos neles os hoxes ou as orixes dos hoxes que nos toca sufrir, como cando un home lle escribe a outro, no relatiño "Carta a un amigo que vive no estranxeiro", e lle conta o seguinte: "Xa sabes que unha das poucas fabricas que aquí pechou as súas portas. E que agora non hai case onde traballar. As fábricas diminúen e os bancos aumentan. Eu non entendo este choio e coido que non hai demo que o entenda". Ben se ve que, para non entender nada, o Manuel María ben sabía o que escribía.

Vanesa Santiago Vázquez

TITA CHAS
INSTITUTO DE BELLEZA
Avda. da Mariña, 16 · 18 - Entrep. C
Tel.: 981 62 40 00 · 15160 SADA

Areal
REVISTA CULTURAL de SADA
PUBLICITE
O SEU NEGOCIO
NAS PÁXINAS
DE AREAL

Avda del Puerto, 33. Sada
981 622 840
Muelle 33
Tapas - Raciones - Terraza
Tortilla, Rozo de pollo
Solomillo de cerdo
Comida para llevar

Roberto Ríos
centro de peluquería
belleza y bienestar
ESCUELA DE DANZA
CARMEN LÓPEZ
Baile peques, jazz, zumba, ballet adultos, bailes latinos, GAP-ABP, danza del vientre, pilates
Síguenos en facebook
C/Betanzos, 1-bajo. 15160 SADA (A Coruña)
Telf.: 881 872 352

Albayzín
Tetería - Bar
Rúa da Obra 6 SADA (A Coruña)

BAR
A Nosa Viña
C/. Obra, nº 12 – 15160 SADA (A Coruña)
Tfno.: 675 648 367

Café Bar
RÍO DA PONTE
Servimos Tapas coa consumición
c/ Sadadarea, 1
15160 SADA

PANADEROS
desde 1948
Carnoedo
Panadería Confitería Degustación
PASTELERÍA - HELADERÍA
CARNOEDO
Chan da Aldea, 14
981 623 225
FONTECULLER
Avda. Fonteculler, 27-29
981 650 225
SADA
Rúa Pontedeume, 7
981 624 695

tel. 881 883 867
/sada coffee 7
@sadacoffee7
Sada Coffee 7
Avenida del Puerto, 25
15160 Sada La Coruña
(detrás de Ayudantía)

covad'anca
fontán - sada

PODOLOGÍA:
Helomas
Papilomas
Uñas encarnadas
Hongos
Plantillas
FISIOTERAPIA:
Fisioterapia
Masaje
Terapia manual
Accidentes de tráfico
Inés Calaza
Fisioterapia · Podología
Telf. 662 428 543
C/ La Laguna nº 44
bajo 7 - SADA
SERVICIOS A DOMICILIO, ANÁLISIS CLINICOS

Librería

LÓPEZ

Linares Rivas, nº 33 - 15160 SADA
Teléfono: 981 62 11 09

ABAD
P·E·L·U·Q·U·E·R·I·A

Reserve su turno
☎ 981 62 22 10
Avda. da Mariña, 56 · 15160 SADA

imprime tus documentos
a lo grande
COLOR y B/N

- Fotocopias (b/n·color)
- Impresión digital (b/n·color)
- Encuadernación (espiral/térmica)
- Plastificados
- Servicio Fax
- Material de oficina

COPITEC DIXITAL, S.L.
Plaza de la Constitución, 4 · bajo · Betanzos
tel./fax: 981 77 50 69 ·
e-mail: info@copitecdixital.com
www.copitecdixital.com

PROFESORES PARTICULARES A DOMICILIO
E. PRIMARIA · E. SECUNDARIA · BACHARELATO
Laura I. Pita Campos · Manuel Pérez Lorenzo
LICENCIADA EN QUÍMICA LICENCIADO EN HISTORIA
MÁSTER EN PROFESORADO
680 60 99 98 / lpitacampos@gmail.com
665 80 15 57 / perezlorenzo.sada@gmail.com

BEBES
Plaza de la Iglesia, Nº 15
Telf.: 981.63.19.51

BICIS Y JARDÍN
Calle Chaburra, Nº 12
Telf.: 981.62.36.05

JUGUETES
Plaza de la Iglesia, Nº 1
Telf.: 981.62.38.78

ciclos Paco

CAFÉ BAR

A´PULGUEIRA

ABIERTO DESDE LAS 6:30 AM

El Estanco de mi Abuela

Avda. Barrié de la Maza, 64.
15160 SADA
Tlfno: **981 62 03 39**
E-mail: elestancodemiabuela@hotmail.com

Marichelo
Lencería

Avda. Da Mariña, 13 - Telf.:981 620 418
SADA

Rincón de Burgos

C/ Oleiros, 1-3 bajo
15160 Sada (A Coruña)
Tel. 981 621 866
www.rincondeburgos.es

Galerna
CERVECERÍA - MESÓN

Avenida del Puerto, 25 – 2
Telf.: 981 977 020
SADA

MESÓN A MAROLA
C/OBRA 19 · SADA
Telf.: 981620157

VOAR
AXENCIA DE VIAXES
Sexa cal sexa
facémola a túa viaxe Realidade
Avda. República Argentina, 24 Telf: 981 62 02 83
Fax: 981 62 14 42 15160 - Sada (A Coruña)
reservas@viajesvoar.com - www.viajesvoar.com

PUBLICACIÓNS DA A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

1 - «O Ateneo de Cultura Política y Social: unha experiencia societaria na Sada da II República» / M. Pérez Lorenzo

2 - «As letras e o mar» / M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo

3 - «As letras e as festas» / E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo, X. A. Suárez Picallo

4 - «Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos» / A. López Soto, M. Pérez Lorenzo

5 - «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais» / M. Pérez Lorenzo

6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» / M. Gayoso

7 - «Palabras de Nadal e Aninovo» / R. Suárez Picallo

nº extraord. - «Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro» / Xosé Díaz

8 - «Voces de xustiza. Artigos e manifestos dos anarquistas de Sada na II República» / AA.VV.

9 - «Homenaxe a Juan Carlos Medal "Jaitos"» / AA.VV.

10 - «As letras e as festas II» / M. L. Freire-Calvelo, X. A. Suárez Picallo

11 - «Francisco Varela Posse. O fotógrafo de Sada» / F. A. Pita Fernández, M. Pérez Lorenzo

12 - «Ricardo Flores. Sempre en Sada» / M. Pérez Lorenzo

13 - «Fontán nas nosas letras» / R. Suárez Picallo, M. Lugrís Freire, M. L. Freire-Calvelo

nº extraord. - «Isaac en Sada: documentos» / AA.VV.

14 - «Carnoedo na historia: textos e documentos» / AA.VV.

15 - «O entroido en Sada. A comparsa "Os Maleantes"» / AA.VV.

nº extraord. - «Chovía en Boisaca. Palabras para Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento» / AA.VV.

nº especial - «Mariñana, unha revista ilustrada na Sada de 1925» / Xesús Torres Regueiro.

16 - «O Entroido en Sada: as comparsas "Os Broas" e "Os Pequeniños"» / AA.VV.

nº extraordinario - «Pombas e mazás. Palabras para Isaac Díaz Pardo no III cabodano do seu pasamento» / AA.VV.

17 - «Edificio "La Terraza" de Sada» / C. Fernández-Gago

18 - «O entroido en Sada. Comparsas do ano 1929» / AA.VV.

nº especial - «As sete Terrazas de Sada» / J. R. Soraluce Blond, L. Bouza Romero

nº extraord. - «Opúsculo agradecido. Palabras para Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento» / AA.VV.

FRUTAS SANCHEZ
FRUTAS VERDURAS LEGUMBRES DERIVADOS
AVDA. SADA Y SUS CONTORNOS - EDIF. SOLANA
TFNO. 981 62 42 06 - 15160 SADA (A CORUÑA)

Floristería Zona Verde
María Cortiñas Mourelo
c/Oza dos Ríos, 4
15160 SADA, A Coruña
981621804 · 651417772
maria.cortinas@terra.es

ACADA COMUNICACIÓN S.L.
A túa tenda de informática e telefonía!
En SADA, Avda. da Mariña 3
DHL · MR Micro ORDENADORES · clean colours · dpa · Lycamobile · Lebara mobile · orange

PUBLICACIÓNS DA A. C. IRMÁNS SUÁREZ
CADERNOS DE ESTUDOS XERAIS
Unha serie de publicacións de pequeno formato na que tratar temas que exceden á nosa realidade local


A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

PUBLICACIÓNS
DA A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO





PUBLICACIÓNS DO ANO LUGRÍS FREIRE

A nosa asociación, coa colaboración da Deputación da Coruña, editou *O penedo do crime*, a primeira novela íntegramente redactada en lingua galega, que Lugrís ambientou en Sada, e *A idea na palabra*, unha compilación de textos seus inéditos ou pouco difundidos con abundante documentación gráfica.

Areal *non se responsabiliza nin comparte necesariamente a opinión dos autores*

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

DIRECTIVA

Presidente
Francisco A. Pita Fernández

Vicepresidenta
Marisa Naveiro López

Secretaria
Vanesa Santiago Vázquez

Vicesecretaria
Rexina Basadre Orozco

Tesoureiro
José Garrote Martín

Vogais
Xesús Castro Vidal
Xaime Rodríguez Rodríguez
Amable Carballeira Caño
Xosé Val Díaz
David García Pauwels
Carme Gratacós Rius
Estevo Rodríguez Liste
Manuel Pérez Lorenzo

A Comisión Irmáns Suárez Picallo nace en Sada no ano 2007 co fin de organizar un programa de actos para o ano 2008, declarado institucionalmente como Ano dos Irmáns Suárez Picallo. A partires do 2009 decídese ampliar os obxectivos e transformarse nunha Asociación Cultural. Desde entón véñense realizando actos, homenaxes e charlas sobre diversos temas, e téñense editado diferentes publicacións e organizado exposicións. Ademais, púxose en marcha un blogue en internet para a difusión das nosas actividades e de textos de autores locais.

* * *

A A. C. Irmáns Suárez Picallo está aberta a incorporación de todos aqueles interesados en asociarse. Se desexa facerse socio, non ten máis que cubrir o formulario que poderá atopar no noso blogue e facérnolo chegar. Se o que quere é recibir a programación das nosas actividades, pode enviarnos a súa dirección de correo electrónico a *comisionsuarezpicallo@gmail.com* ou contactar connosco a través do noso grupo de Facebook (AC Irmáns Suárez Picallo) ou da conta de Twitter (*@acsua-rezpicallo*).

MEMORIA DE SADA

Dúas vistas do Pedregal (actual Avda. Barrié de la Maza) nos anos 10 e 20. Na imaxe superior pódese apreciar como aínda non se colocaran as vías e o tendido do tranvía. Na inferior estase a celebrar unha procesión nocturna. En ambas obsérvase o xardín que facía esquina coa praza de San Roque

Fotografías cedidas por Memoria de Sada (*memoriadesada.com*)

Manuel Couzo con integrantes da A. C. Irmáns Suárez Picallo
no transcurso da homenaxe que se lle tributou en Sada no ano 2013

Edita

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Colaboran

CONCELLO DE SADA

Deputación DA CORUÑA

//ABANCA